



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 3 de febreiro de 2022 (1039/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego (virtual)
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font (virtual)
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro (virtual)
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día tres de febreiro de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a xefa do Servizo de Asesoramento, Sra. García Álvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(60).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 28 de xaneiro de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(61).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS. EXPTE. 14408/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 25/01/2022, asinado polo xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A/ SENTENZAS DITADAS NA ORDE CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

1.- Contencioso. Expediente nº 13741/111
Sentenza nº 235 do 28 de outubro de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 215/2021
Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares
Obxecto: Desestimación presunta. Responsabilidade patrimonial.
Expte(s): 6337/243
Contía: 825,00 €

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso contra o acto “presunto” desestimatorio, e condena o Concello ao pagamento de 507,98 euros máis xuros legais dende a data da reclamación (30-12-2020).

Ao tratarse de sentenza de condena ao pagamento de cantidades determinadas a Intervención municipal debe executala en tempo e forma.

O departamento de Patrimonio-RPA debe iniciar a acción de regreso contra a concesionaria do servizo.

2.- Contencioso. Expediente nº 13480/111
Sentenza nº 263 do 25 de novembro de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Ordinario: 81/2021
Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares
Obxecto: XGL 11-12-2020. Suspensión temporal do uso do local, Praza da Princesa nº 7, para obras
Expte(s): 20552/240
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso.

Os departamentos de Patrimonio, Participación Cidadá, e Obras e Proxectos municipais (XMU) deben coñecer o resolto.

3.- Contencioso. Expediente nº 13844/111
Sentenza nº 245 do 4 de novembro de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 259/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación presunta da reclamación económico-administrativa (e expresa do 24-9-2021), compensación de débedas.



Concello de Vigo

Expte(s): 36122/700, 4629/550, e 36122 e 36668/700

Contía: 15.379,03 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso, anula e revoga a resolución do TE-A do 24-9-2021 e estima as reclamacións do 7-3 e 23-1-2018, limitando a compensación de débedas ás tributarias por IBI e taxa do lixo dos anos 2014-2017.

O TE-A, a Inspección de Tributos, a Administración de Ingresos, a Tesourería-Recadación Executiva e o departamento de Contratación (débedas co Concello de contratista, expedientes 7174/335 e 7255/335) deben executar o resolto.

4.- Contencioso. Expediente nº 12834/111

Sentenza nº 744 do 9 de decembro de 2021

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 294/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta do recurso de alzada contra acordo do tribunal examinador, do 8-5-2019, de promoción interna á oficial (C-1) da Policía Municipal.

Expte(s): 32853/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, estima o recurso de apelación do demandante contra a sentenza nº 59/2020 de instancia, que é revogada.

Estima o recurso contra a desestimación presunta da alzada contra acordo do tribunal examinador do 8-5-2019 que é anulada.

Ordena a modificación das cualificacións dos exercicios e declara que só o demandante superou os exercicios e debe ser nomeado oficial, con anulación do nomeamento proposto polo órgano de selección.

O departamento de Persoal e o de Seguridade deben informar con urxencia sobre a procedencia e bases dunha eventual casación, ou noutro caso executar o xudicialmente resolto, en tempo e forma, cando se declare a súa firmeza.

Procedemento de orixe: RC-A 272/2019 PA XC-A nº 2 de Vigo, Sentenza nº 59 do 17 de abril de 2020 (comunicada na XGL do 5-6-2020), desestimatoria.

5.- Contencioso. Expediente nº 13848/111

Sentenza nº 268 do 9 de decembro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 260/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta de reclamación económico-administrativa. Sanción de tráfico

Expte(s): 4685/550 e 34758/700

Contía: 281,03 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso, e anula o acto impugnado (dilixencia de embargo), con custas taxadas.

A sanción fora revogada xa o 11-11-2019 (o que non se lle notificou ao sancionado-falecido o 7-4-2007 - nin aos seus herdeiros), e as actuacións executorias posteriores, e a resolución do TE-A, foron superfluas.

A Tesourería-Recadación Executiva debe coñecer o resolto.

6.- Contencioso. Expediente nº 12944/111

Sentenza nº 575 do 13 de outubro de 2021

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Ordinario: 278/2020

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Resolución do 9-3 e 1-6-2020 do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Liquidacións escolas infantís 2018/9

Expte(s): 24106/332

Contía: 308.250,00 €

Considera esta Sentenza, que non é aínda firme, que as escolas infantís na C.A. de Galicia non son centros educativos senón “centros de menores e de atención a infancia”, é dicir Servizos Sociais, e resolve desestimando o noso recurso e todos os seus pedimentos con base na aplicación de lexislación de Servizos Sociais e nas sentenzas anteriores conexas relativas aos centros de día.

O departamento municipal de Educación (e o de Servizos Sociais) deben coñecer o resolto.

7.- Contencioso. Expediente nº 13770/111

Sentenza nº 242 do 2 de novembro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 230/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 23-6-2021. Sanción de tráfico (non identificación de condutor)

Expte(s): 286186/280

Contía: 300,00 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso, e anula a sanción e o expediente sancionador, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal, deben executar o resolto.

A razón desta anulación (e doutras anteriores semellantes) é a tese de que só no caso de infraccións moi graves (as que levan aparellada a dedución de puntos) é necesario o requirimento e a identificación do condutor e en caso de desatención ao requirido en tempo e forma procede a tramitación dun procedemento pola infracción anterior de non identificación.

Esta tese (que non podemos combater nunha segunda instancia ao tratarse de sentenzas firmes, inapelables por contía) non é compartida por outros órganos xudiciais, o que obriga a unha reflexión en canto ao fondo da cuestión e os criterios a seguir na tramitación administrativa destes procedementos.



Concello de Vigo

8.- Contencioso. Expediente nº 13932/111
Sentenza nº 238 do 15 de decembro de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 290/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo do 26-5-2021 e sanción de tráfico.
Expte(s): 5336/550, 88733/700 (e 2018/29356)

Esta sentenza, firme, estima o recurso e anula a resolución do TE-A e a sancionadora, con custas taxadas.

O TE-A e a Tesourería-Recadación Executiva deben coñecer o resolto (con anulación do actuado e devolución do ingresado se fose o caso).

9.- Contencioso. Expediente nº 13904/111
Sentenza nº 231 do 1 de decembro de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 259/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do 15-9-2021. Sanción de tráfico (non identificación de condutor)
Expte(s): 2021/09647

Esta sentenza, firme, estima o recurso, e anula a sanción impugnada (polo exposto no seu FD 3º), con custas taxadas de oficio.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación Municipal deben executar o resolto (con anulación da sanción e devolución do ingresado como indebido de ser o caso).

10.- Contencioso. Expediente nº 13866/111
Auto nº 64 do 8 de novembro de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 273/2021
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Desestimación presunta (e expresa serodia do 25-1-2021). Responsabilidade patrimonial, danos na Avenida de Madrid
Expte(s): 6342/243
Contía: 639,98 €

Declara rematado o procedemento polo recoñecemento, en vía administrativa, das pretensións da demandante.

O departamento de Patrimonio-RPA debe recoñecer o resolto (e revisar a cuestión da titularidade desta vía pública).

11.- Contencioso. Expediente nº 13765/111
Auto nº 59 do 8 de outubro de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 205/2021

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo do 28-4-2021. Aprazamento/fraccionamento de débedas (EUI, IBI, e IAE) tributarias (concurso).

Expte(s): 47064/700

Contía: 26.953,15 €

Declara rematado o procedemento por recoñecemento en vía administrativa das pretensións da actora.

A Tesourería-Recadación municipal e o TE-A do Concello de Vigo, deben coñecer o resolto.

12.- Contencioso. Expediente nº 13966/111

Sentenza nº 267 do 3 de decembro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Dereitos fundamentais: 309/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 1-10-2021. Servizos mínimos na folga (indefinida e parcial) convocada a partir do 4-10-2021

Expte(s): 3545/449

Esta sentenza, que non é firme, estima parcialmente o recurso, declarando non conforme a dereito a resolución do 1-10-2021.

En realidade, a sentenza:

1º/ Aprecia a carencia (desaparición) sobrevida do obxecto do proceso.

2º/ Aprecia a inadecuación a dereito do acto impugnado polas razóns que expón nos FD 3ª e ss.-seguintes (os servizos establecidos son excesivos).

O departamento de Fomento-Transportes debe coñecer o resolto e considerar o exposto e fundamentado na sentenza, tanto para a adopción de servizos mínimos no futuro como para corrixir os que estean fixados na actualidade.

Este servizo considera que non procede apelar dado o pronunciamento da sentenza en relación cun acto xa desaparecido do mundo xurídico con anterioridade.

13.- Contencioso. Expediente nº 13874/111

Sentenza nº 276 do 14 de decembro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 276/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 5-7-2021. Sanción de tráfico (non identificación de condutor)

Expte(s): 2021/14124 (e 2020/82930)

Contía: 300,00 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso, e anula o acto recorrido, sen custas.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación Municipal deben executar o resolto.



Concello de Vigo

14.- Contencioso. Expediente nº 13485/111
Sentenza nº 242 do 20 de decembro de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 78/2021
Demandante/Recorrente: Outra Administración Pública
Obxecto: Reclamación de cantidade (factura do 11-10-2017 por traballos no ámbito do Convenio Abrir Vigo ao Mar)
Expte(s): 4982/440
Contía: 7.821,30 €

Esta sentenza, que non é firme, declara a inadmisibilidade do recurso (ao non se ter recorrido en tempo e forma a resolución, expresa e motivada, notificada á demandante, do 24-10-2017, que excluíu da compensación esta factura), por extemporaneidade.
Os departamentos de Fomento e Tesourería deben coñecer o resolto.

15.- Contencioso. Expediente nº 12423/111
Sentenza nº 418 do 5 de outubro de 2021
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 4
Recurso de apelación: 15033/2019
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Resolución do 25-8-2016 do TE-A do Concello de Vigo. Taxa por aproveitamento especial do dominio público. Liquidación de 2015 e 1º semestre de 2016. O.F. nº 35
Expte(s): 3978/550; 3998/550 e 4108/550

Esta sentenza, que non é firme, desestima a apelación da demandante contra a sentenza nº 276/2019 de instancia, que é así confirmada.
O TE-A do Concello de Vigo e a Dirección de Ingresos deben coñecer o resolto.

Procedemento de orixe: RC-A 57/2017 PO XC-A nº 1 de Vigo, Sentenza nº 276, de 30 de setembro de 2019 (comunicada na XGL do 7-11-2019), desestimatoria.

16.- Contencioso. Expediente nº 13921/111
Sentenza nº 292 do 16 de novembro de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 292/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: XGL 10-6-2021. Retribucións: atrasos por complementos de nocturnidade e festividade, e horas extraordinarias (en vacacións, permisos e I.T.)
Expte(s): 35363/220
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, resolve:
- Inadmitir, por incongruencia e desviación procesual, a segunda pretensión relativa ao cálculo das “horas extraordinarias”.

- Desestimar as pretensións relativas aos complementos de nocturnidade e festividade, sinalando que estes dous conceptos (non complementos) xa se aboan no complemento (periódico e fixo) específico e como gratificacións.
Os departamentos de Persoal, Seguridade (Policía Municipal) e Nóminas (Tesourería) deben coñecer o resolto.

17.- Contencioso. Expediente nº 13173/111
Sentenza nº 408 do 4 de outubro de 2021
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 4
Cuestión de ilegalidade: 15056/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: art. 73.b. 4 da Ordenanza Fiscal Xeral do Concello de Vigo
Expte(s): 30551/502, 32118/700, 4368/550

Esta sentenza, que non é aínda firme, declara a ilegalidade do art. 73.b.4 da OFX por contradicir o disposto no art. 6.3. da L 10/2013.
A Intervención Municipal e a Tesourería-Recadación Municipal deben executar o resolto, entendemos que procede estudar, propor e aprobar unha nova redacción para a norma anulada.

Procedemento de orixe: RC-A 262/2020 PA XC-A nº 2 de Vigo, Sentenza nº 225 do 10 de decembro de 2020, estimatoria. Por Auto do 17-12-2020 o xulgador presentou cuestión de ilegalidade en relación co art. 73.B.4. da OFX.

18.- Contencioso. Expediente nº 13762/111
Sentenza nº 253 do 11 de novembro de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 223/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación presunta de reclamación do 24-4-2020. Medidas de prevención e defensa contra incendios forestais (L. 3/207, e L. 7/2012)
Expte(s): 16004/310
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, firme, estima o recurso, anula o acto presunto recorrido e condena ao Concello a requirir a SEROMAR G. S.A. para que, en tres meses, proceda á tala e desbroce dos terreos obxecto da denuncia, con apercibimento de execución subsidiaria en caso de desatención do requirimento.
O departamento de Medio Ambiente debe executar o resolto en tempo e forma.

19.- Contencioso. Expediente nº 12691/111
Sentenza nº 679 do 17 de novembro de 2021
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Ordinario: 96/2020
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo



Concello de Vigo

Obxecto: Resolución do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. “Cofinanciamento” de “Escolas Infantís” (r. Palencia e Valadares)

Expte(s): 24066/332

Contía: 101.250,00 €

Esta sentenza, con base nas afirmacións expresadas nos parágrafos derradeiros dos FFDD 3º e 4º e no 1º do FD 5º, desestima o noso recurso.

No FD (custas) sinálase a existencia de dúbidas de dereito (que non se explican).

O departamento de Educación (e o de Servizos Sociais á vista da “doutrina” do Tribunal) deben coñecer o resolto.

20.- Contencioso. Expediente nº 13860/111

Sentenza nº 221 do 17 de novembro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 243/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 9-8-2021. Suspensión de funcións, con perda do posto de traballo (atribuído en adscrición provisional).

Expte(s): 38196/220

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso e confirma o acto impugnado (executorio dunha sentenza penal firme).

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

21.- Contencioso. Expediente nº 13852/111

Sentenza nº 220 do 17 de novembro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 247/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta. Responsabilidade patrimonial, danos por filtracións na rúa San Francisco - Ribeira do Berbés

Expte(s): 6160/243

Contía: 6.700,78 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso por non considerarse acreditada a causalidade dos danos na súa imputación aos servizos municipais (de Vías e Obras).

22.- Contencioso. Expediente nº 13858/111

Decreto nº 1 do 29 de novembro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 269/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Denuncia do 26-11-2020. Sanción de tráfico (condución temeraria)

Expte(s): 2020/81824

Acepta a desistencia do demandante.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto (Decreto, e resolución estimatoria en vía administrativa do 7-10-2021).

23.- Contencioso. Expediente nº 13422/111

Sentenza nº 262 do 25 de novembro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 57/2021

Demandante/Recorrente: Empresa (contratista municipal)

Obxecto: Resolución do 14-12-2020 (en reposición). Anulación de factura (maio 2020), descontos no importe.

Expte(s): Contrato de zonas verdes 48341/446, prórroga

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, estima o recurso e anula o acto recorrido do 14-12-2020 (e o confirmado do 7-8-2020) en relación coa factura 0192007S-009 do 14-7-2020 correspondente ao mes de maio de 2020.

Recoñece o dereito do Concello a detraer 1.490,48 euros da factura, resultando un importe de 47.775, 95 euros, máis xuros legais dende o momento no que se debeu realizar o pagamento, como dereito de demandante-condena de pagamento do Concello.

Dúas son as cuestións determinantes: a consecuencia do estado de alarma-COVID dende mediados de marzo de 2020 e a falta de proba municipal dos incumprimentos contractuais no mes de referencia-descontos nas facturas.

O Servizo de Parques e Xardíns debe coñecer o resolto e informar sobre a procedencia e bases dunha eventual apelación.

24.- Contencioso. Expediente nº 13909/111

Sentenza nº 232 do 1 de decembro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 272/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación “presunta” de reclamacións. Complemento de produtividade 2018-2020 (substitucións, cargos intermedios, bombeiros)

Expte(s): 38238/220 e 38675/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, estima a demanda, no sentido do penúltimo párrafo do F.D. 3º, contra o silencio administrativo impugnado, anulándoo e condenando ao Concello ao pagamento dun complemento de produtividade (non consolidable) pola actividade “extraordinaria” desenvolvida nos anos 2018-2019 e 2020, con xuros, e custas taxadas de oficio.

O departamento de Persoal (e o de Seguridade) deben coñecer o resolto e informar con urxencia sobre a procedencia e bases dunha eventual apelación.



Concello de Vigo

B/ SENTENZAS DITADAS NA ORDE SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 13291/111

Sentenza nº 4554 do 18 de novembro de 2021

TSX Galicia, Sala do Social

Recurso de suplicación: 1931/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do INSS do 25-9-2019. Natureza da continxencia, I.T. (8-8-2019), carácter "común"

Desestima o recurso de suplicación da demandante e confirma a sentenza recorrida.

O Departamento de Persoal (e o de Seguridade) deben coñecer o resolto.

Procedemento de orixe: Seguridade Social 974/2019, Xulgado do Social nº 4 de Vigo, Sentenza nº 331 do 24-11-2020 (e Auto aclaratorio do 12-2-2021) (comunicada na XGL do 17/12/2020), desestimatoria.

2.- Social. Expediente nº 13733/111

Auto do 3 de decembro de 2021

Xulgado do Social nº 4 de Vigo

Execución títulos xudiciais 89/2021

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Impugnación eleccións sindicais novembro 2019

Expte(s): 38002/220

Resolve a falta de formalización en prazo do recurso de suplicación contra o auto do 18-10-2021 por parte da demandante.

Cómpre lembrar que o anterior auto denegou a execución porque o pronunciamento da Sentenza nº 206 de 14-9-2020 (ditada por este Xulgado no PROC-ILE 1007/2019) era meramente declarativo.

A Área de Recursos Humanos e Formación (e o Comité de Persoal do Concello) deben coñecer o resolto.

3.- Social. Expediente nº 12841/111

Sentenza nº 448 do 16 de novembro de 2021

Xulgado do Social nº 3 de Vigo

Conflicto colectivo: 278/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Impugnación do ERTE nunha contratista municipal (resolución da Xunta de Galicia do 11-4-2020, forza maior)

Esta sentenza, que non é firme, desestima a demanda.

Os departamentos de Transportes e Persoal deben coñecer o resolto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

3(62).-RESOLUCIÓN DE RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN PRESENTADO CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DESESTIMATORIO DUNHA AXUDA EN CONCEPTO DE BONO-TAXI 2021. EXPTE. 216717/301.

Visto o informe de fiscalización do 21/01/2022, dáse conta do informe-proposta de data 17/01/2022, asinado pola xefa do servizo de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á Área, o xefe de Área e pola concelleira-delegada de Política de Benestar Social, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. Por acordo da Xunta de Goberno Local do 12.03.2021 aprobáronse as Bases e a convocatoria de «SUBVENCIONS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACION DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2021», elaboradas polo Servizo de Benestar Social (Exp. nº 212964/301).

I.2. As Bases deste Programa de subvencións foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS), na web municipal e no BOP de Pontevedra nº 58 do 26.03.2021.

I.3. Durante o prazo establecido para a presentación de solicitudes, contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria no BOP nº 63, do 06.04.2021, tiveron entrada no Rexistro xeral municipal un total de 157, que foron tramitadas polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social), quen comprobou o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa, realizando os requirimentos de documentación preceptivos. A seguir, procedeu á súa avaliación individualizada de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

I.4. Rematada a instrucción do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas (111), as que quedarían na lista de agarda (22) e as denegadas (24), indicando neste último suposto a causa da denegación. Así, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 07.10.2021, acordou:

- *«PRIMEIRO.- Conceder as subvencións do bono-taxi 2021 ás 111 primeiras persoas que reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de usuario de bono-taxi. Relaciónanse no Anexo I que comenza por ***5812** cunha renda per cápita mensual de 21,41€ e finaliza por ***5289** cunha renda per cápita mensual de 988,65€ por cumprir os requisitos estipulados na base 6ª da convocatoria e existir orzamento para a concesión (...).*

(...) O gasto total (24.900,00€) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.11 (“Subvención bono-taxis discapacitados”). RC-20200032451.

- *SEGUNDO.- Aprobar a lista de agarda, integrada polas seguintes 22 persoas, relacionadas no Anexo II, que cumpren tamén os requisitos esixidos. Iniciase pola persoa con DNI nº ***7724***, cunha renda per cápita mensual de 991,77€, e finaliza coa persoa con DNI nº ***6499**, cunha renda per cápita mensual de 1.331,33€.*

- *TERCEIRO.- Desestimar as solicitudes de subvención das persoas que se relacionan no Anexo III, que comeza pola persoa con DNI nº ***2898** e finaliza coa persoa con DNI nº ***7121**, reseñándose en cada caso o motivo da súa desestimación...».*

I.5. Nese Anexo III (“Solicitudes desestimadas 2021”) figuraba, co número 3, a solicitude de D^a M^a Elena Barreiro Fernández , por incumprir o requisito de ingresos da Base 6^a, apartado e): dispor duns ingresos per cápita netos superiores a 2,5 do IPREM vixente 564,90€/mes (16.947,00 € anuais ou 1.412,25 € mensuais).

I.6. Contra aquel Acordo da Xunta de Goberno local a interesada presentou o 16.11.2021 no Rexistro xeral municipal (Doc. nº 210231315) un escrito a modo de RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN solicitando a revisión do acordado sobre a súa solicitude de subvención.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- ROF (RD.2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLEX. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- TRLRFL (RDLEX. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- «BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2021».



Concello de Vigo

- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e *pro actione* que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 115.2 da LPACAP, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne ó escrito de impugnación (*reclamación, revisión...*), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2. Así as cousas, o recurso potestativo de reposición presentado pola Sra. Barreiro Fernández diríxese contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 07.10.2021.

III.3. O escrito de recurso cumpre cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpónse en prazo e forma pola persoa interesada e diríxese fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccdtes. LPACAP), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se modifique a resolución impugnada.

III.4. De acordo co disposto no Art. 124.2 LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, debería entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.5. Procede, pois, entrar a coñecer o recurso da Sra. Barreiro Fernández, que propoñemos ESTIMAR expresamente toda vez que, revisado de novo o seu expediente, resultaría que se tiveron tamén en conta os ingresos da súa nai, D^a Amalia Barreiro Fernández cando, por aplicación da Base sétima, Apdo. 4.3, unicamente deberían computarse os ingresos anuais da interesada, D^a. M.^a Elena Barreiro Fernández, que ascenden a 7.056 €, polo que procede a concesión da axuda na contía que se dirá.

III.6. Polo tanto, conforme coas «BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2021», a cantidade que lle correspondería percibir, de acordo coa Táboa contida na Base cuarta, é de 300 €.

Capacidade económica usuario/a	Importe da subvención bono-taxi
Entre 0 e 600,00€	300,00 €
Entre 600,01€ e 850,00€	200,00 €
Entre 850,01€ e 1.412,25€	100,00 €

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os Arts. 112-120 e 123-124 da LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro), propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Estimar o recurso potestativo de reposición presentado por D^a. M.^a Elena Barreiro Fernández (DNI/NIE/Pasaporte nº ***1708**) contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 07.10.2021, recoñecéndolle o dereito a percibir unha axuda en concepto de bono-taxi por importe total de 300 €. O gasto derivado da estimación do recurso poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.11 (“*Subvención taxis discapacitados*”) ou a súa bolsa de vinculación .

SEGUNDO: Notificar á persoa recorrente, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125 da LPACAP, e de que poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste Acordo».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime máis oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(63).-PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DAS CONDICIÓNS DE VIDA DAS PERSOAS MAIORES EN VIGO E PROPOSTA DUN PLAN ESTRATÉXICO DE ATENCIÓN. EXPTE. 224888/301.

Visto o informe de fiscalización do 28/01/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 27/01/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de análise e diagnóstico das condicións de vida das persoas maiores en Vigo e proposta dun plan estratéxico de atención (224.888-301)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011



Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de análise e diagnóstico das condicións de vida das persoas maiores en Vigo e proposta dun plan estratéxico de atención (224.888-301)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 29 de outubro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto, dos traballos de: “ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DAS CONDICIÓNS DE VIDA DAS PERSOAS MAIORES EN VIGO E PROPOSTA DUN PLAN ESTRATÉXICO DE ATENCIÓN”, que inclúe a xustificación da necesidade do contrato (trámite n.º 3), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 91), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (trámite n.º 118), os documentos económicos emitidos polo Servizo de Contabilidade (trámites núms. 55 e 56) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.

SEGUNDO: Aprobar o gasto derivado deste contrato (85.305,00 €, IVE incl.), que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.227.06.00 (“Estudios e traballos técnicos”) e á súa bolsa de vinculación, de acordo coa seguinte distribución por anualidades:

- Ano 2021: 55.357,50 €.
- Ano 2022: 29.947,50 €.

TERCEIRO: Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 4 de xaneiro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de análise e diagnóstico das condicións de vida das persoas maiores en Vigo e proposta dun plan estratéxico de atención (224.888-301) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	EXPORTRENDS CONSULTING, S.L.	74,1 ptos.
2	INSTITUTO SONDAJE, S.L.	62,14 ptos.

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, EXPORTRENDS CONSULTING, S.L. (B-27.872.423), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, EXPORTRENDS CONSULTING, S.L., o día 5 de xaneiro de 2022, que presenta a documentación requirida o 18 de xaneiro, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación na sesión do 20 de xaneiro de 2022 revisou a documentación presentada e acordou conceder un prazo de tres días a EXPORTRENDS CONSULTING, S.L. para que puidese emendar a documentación presentada.

Dentro do prazo concedido, o 24 de xaneiro, o licitador presentou documentación.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 27 de xaneiro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EXPORTRENDS CONSULTING, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EXPORTRENDS CONSULTING, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 21 e 30 de decembro de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a EXPORTRENDS CONSULTING, S.L. (B-27.872.423) o procedemento aberto para a contratación dos servizos de análise e diagnóstico das condicións de vida das persoas maiores en Vigo e proposta dun plan estratéxico de atención (224.888-301) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 59.229,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.279,50 euros.*



Concello de Vigo

- b) *Propón un incremento do número mínimo de enquisas presenciais a realizar a persoas maiores de 80 anos non usuarias de ningún programa ou servizo municipal de servizos sociais de 1.000 enquisas.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(64).-RESOLUCIÓN DE MUTUO ACORDO DO CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE «RENOVACIÓN DO COLECTOR DE SANEAMENTO NA AVDA. EMILIO MARTÍNEZ GARRIDO». EXPTE. 6721/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 01/02/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área, a titular da Asesoría Xurídica e polo interventor xeral municipal, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas (LPAC)
- Prego de cláusulas administrativas que rexe o procedemento aberto de obra para a execución do proxecto «renovación do colector de saneamento na avda. Emilio Martínez Garrido» (PCAP)
- Real decreto de 24 de xullo de 1889, polo que se aproba o Código Civil (CC)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A sentenza 122/2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, ditada no procedemento abreviado nº 305/2017 estima o recurso contencioso-administrativo interposto pola Comunidade de Propietarios de Avenida Martínez Garrido 44 contra o Concello de Vigo, polos danos causados na súa edificación como consecuencia de filtracións de auga derivadas de obras acometidas na vía pública. Condena á administración municipal á reparación da causa dos danos e a indemnizar á demandante.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 19 de febreiro de 2021, acordou “Aprobar o proxecto de “RENOVACIÓN DO COLECTOR DE SANEAMENTO NA AVDA. EMILIO MARTÍNEZ GARRIDO”, redactado polo enxeñeiro técnico municipal D. Jorge Muñoz Rama, cun orzamento base de licitación de 82.529,95 euros, IVE incluído.

Terceiro.- Na sesión do 6 de maio de 2021 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar a declaración da tramitación de urxencia do expediente para contratar a execución do proxecto de “RENOVACIÓN DO COLECTOR DE SANEAMENTO NA AVDA. EMILIO MARTÍNEZ GARRIDO”, redactado polo enxeñeiro Técnico Municipal Jorge Muñoz Rama e por conseguinte aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación urxente.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación de data 21 de abril de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “OITENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS VINTE E NOVE EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS” (82.529,95 EUROS) sendo o importe correspondente ao IVE de 14.323,38 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1610.6320001 (OBRAS DE REPOSICIÓN DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	82.529,95 €
------	-------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Cuarto.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 17 de xuño de 2021, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a PROYECON GALICIA, S.A. (A-32.032.039) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Renovación do colector de saneamento na avda. Emilio Martínez Garrido” (811-441) coas seguintes condicións por un prezo total de 62.780,85 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.895,85 euros.



Concello de Vigo

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

O contrato formalizouse en documento administrativo en data 21 de xuño de 2021.

Quinto.- O concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, en data 21 de xuño de 2021, nomeou director facultativo da obra ao enxeñeiro técnico municipal don Jorge Muñoz Rama, e coordinador de seguridade e saúde a o enxeñeiro de Minas don Francisco García Liste, en data 2 de xullo do mesmo ano.

Sexto.- En data 21 de xullo de 2021 asinouuse a acta de comprobación do replanteo.

Sétimo.- O 10 de agosto de 2021, o adxudicatario presenta escrito no Rexistro electrónico deste Concello no que alega a existencia de deficiencias no proxecto e no seu orzamento e solicita:

- “1. Inicie procedimientto de resolución de incidencias e interpretación del contrato de conformidad a los artículos 191 LCSP y 97 RGCAP.*
- 2. Inicie y tramite procedimientto de modificación del contrato conforme al artículo 106 y ss. y 242 LCSP.*
- 3. Se decida si se acometen los trabajos iniciales antes de tener que ocupar la vía pública y eliminar un buen número de aparcamientos en superficie, paralizarse y evitar cortes innecesarios al tráfico.*
- 4. Acuerde la suspensión temporal de las obras y extienda la correspondiente acta en virtud del artículo 208 LCSP, con los efectos legales consiguientes, salvo que se apruebe modificación de conformidad al artículo 242.5 LCSP”.*

Oitavo.- O director facultativo, en data 29 de setembro de 2021, emite informe sobre a modificación proposta polo contratista, do cal se lle deu traslado a este o mesmo día.

Noveno.- En data 15 de outubro de 2021, o contratista, á vista do informe técnico, presenta novo escrito no Rexistro electrónico no que solicita:

- “PRIMERO.- Se proceda a la resolución de mutuo acuerdo del contrato de referencia al amparo del artículo 211.1.c Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público y en consecuencia se declare extinguido el referido contrato sin que las partes tengan nada que reclamarse por dicho concepto.*
- SEGUNDO.- Se proceda a la devolución de la fianza depositada por esta empresa mediante aval bancario de la entidad ABANCA por importe 2.594,25 euros en el Concello de Vigo con no de registro de avales 667.465”.*

Décimo.- O 10 de xaneiro de 2021 o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, tras informar sobre a situación do contrato que nos ocupa, solicita do servizo de Contratación a tramitación de expediente de resolución do mesmo por mutuo acordo entre as partes.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza do contrato e lexislación aplicable

O contrato que nos ocupa ten por obxecto a execución do proxecto de “Renovación do colector de saneamento na avda. Emilio Martínez Garrido”.

Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares así como pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña ao TRLCSP

Determinada a lexislación aplicable cómpre determinar que tipo de contrato é o que nos ocupa, pois segundo o tipo de contrato aplicaranse distintas causas de resolución e os seus correspondentes efectos. Segundo o previsto na cláusula 2.1 do PCAP, trátase dun contrato típico de obra.

-II-

Da resolución

A lexislación de contratos do sector público recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de acordar a resolución dos contratos e determinar os seus efectos (artigos 190 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato nas cláusulas 2.5 e 42 do PCAP.

A resolución é unha das formas de finalización do contrato administrativo. A lexislación contractual subsume baixo este termo todas as causas de extinción do vínculo contractual distintas da súa conclusión por cumprimento. Presupón, pois, a aparición dalgunha circunstancia na vida do contrato que impide ou fai inconveniente a súa prosecución ata a súa normal extinción. En definitiva, por resolución entende a lei todas aquelas causas de finalización anticipada do contrato. Neste senso establece o artigo 209 LCSP que os contratos se extinguirán por cumprimento ou resolución.

A lexislación de contratos, ao regular a resolución, establece por un lado unhas causas e efectos xenéricos aplicables a todo tipo de contratos, e por outro, dentro da regulación de cada tipo de contrato típico, establece unhas causas e efectos específicos para os mesmos.



Concello de Vigo

Dunha interpretación conxunta dos artigos 211 e 245 da LCSP, que establecen as causas de resolución dos contratos en xeral e as específicas do contrato de obras respectivamente, podemos concluír que son causas de resolución deste contrato as seguintes:

Con carácter xeral (artigo 211 da LCSP):

- a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista, sen prexuízo do previsto no artigo 98 relativo á sucesión do contratista.
- b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- c) **O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.**
- d) A mora no cumprimento dos prazos por parte do contratista.
- e) A mora no pagamento por parte da Administración por prazo superior ao establecido no apartado 6 do artigo 198 ou o inferior que se tivese fixado ao abeiro do seu apartado 8.
- f) O incumprimento da obriga principal do contrato.
- g) A imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205; ou cando dándose as circunstancias establecidas no artigo 205, as modificacións impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do seu prezo, en contía superior, en máis ou en menos, ao 20 por cento do prezo inicial do contrato, con exclusión do IVE.
- h) As que se sinalen especificamente para cada categoría de contrato nesta Lei.
- i) A falta de pagamento, durante a execución do contrato, dos salarios por parte do contratista aos traballadores que estiveran participando na mesma, ou o incumprimento das condicións establecidas nos Convenios colectivos en vigor para estes traballadores tamén durante a execución do contrato.

Para as prestacións de obras (artigo 245 da LCSP):

- j) A mora inxustificada na comprobación do replanteo.
- k) A suspensión da iniciación das obras por prazo superior a catro meses.
- l) A suspensión das obras por prazo superior a oito meses por parte da Administración.
- m) A desistencia.

No caso que nos ocupa, informa o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, en data 10 de xaneiro de 2021, o seguinte:

“Primeiro.- O proxecto obxecto do contrato de referencia adoece de deficiencias que obrigan a súa modificación e daquela á modificación do contrato: as unidades de obras previstas no proxecto, correspondentes á entibación metálica callada, en gabias, entre 2 e 3 m de profundidade, con módulos metálicos lixeiros de aceiro e ata 2 m de ancho, debe ser modificada e substituída por as unidades de obra correspondentes a unha entibación para profundidades ata de 6 metros.

A dita modificación podería ser considerada como unha modificación non substancial, non prevista no proxecto, do artigo 205.2.c) LCSP, pois a modificación non ten como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado, nin, en principio, cumpre con ningunha das condicións para ser considerada como

substancial no dito precepto: o contrato modificado non require unha clasificación distinta nin o incremento do prezo superaría o 15 por cento.

Non obstante, tal modificación requiriría da tramitación do correspondente expediente, tendo anticipado xa a contratista o seu desacordo cos prezos contraditorios propostos pola Dirección da obra para as novas unidades de obra, o que facultaría a esta Administración municipal para optar entre a contratación das novas unidades de obra con outro empresario nos mesmos prezos considerados pola Dirección Facultativa da obra, a execución directa polo Concello ou optar pola resolución do contrato conforme ao artigo 211 LCSP; resolución incardinable na resolución de mutuo acordo do artigo 211.1.c)

Doutra parte, tal e como vai arriba dito, a adxudicataria do contrato, con base nas deficiencias do proxecto e na disconformidade cos prezos propostos pola Dirección da obra, no seu escrito de 15 de outubro de 2021, solicitou a resolución de mutuo acordo do contrato e a devolución da fianza constituída.

É o caso que, á vista dos requirimentos feitos a esta Administración municipal polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Vigo para a execución da sentenza arriba referida, a urxencia da execución da obra e a posibilidade actual de encomendar directamente esta a concesionaria do servizo, FCC Aqualia Vigo UTE, con cargo ao Plan de Inversións da segunda prórroga do contrato, aconsella evitar calquera eventualidade de retraso na realización da obra, e, daquela, acceder a resolución do contrato solicitada polo adxudicatario, de perfecta aplicación aquí ao non concorrer ningunha causa de resolución imputable ao contratista, e encomendar a execución urxente da obra a concesionaria do servizo, FCC Aqualia Vigo UTE, con cargo ao Plan de Inversións da segunda prórroga do contrato.

Por todo exposto propónse:

Que desde ese servizo de contratación se realicen as actuacións necesarias para acordar a resolución do expediente e a devandita solicitude de Proyecon Galicia, S.A. de resolución de mutuo acordo do contrato, propónse á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é do concello de Vigo (disposición adicional 2ª 4 LCSP) a adopción dos acordos que seguen:

1º.- Resolver de mutuo acordo o contrato adxudicado o 17 de xuño de 2021 pola Xunta de Goberno Local a Proyecon Galicia, S.A. para a execución da obra de «Renovación do colector de saneamento na Avda. Emilio Martínez Garrido».

2º.- Devolver a garantía depositada pola dita mercantil nesta Administración municipal mediante aval bancario da entidade ABANCA, por importe 2.594,25 euros, co número de rexistro de avais 667.465”.

Como se pode deducir, á vista do informe do servizo xestor do contrato, unha vez realizada a comprobación do replanteo, con carácter previo ao inicio das obras, detectáronse deficiencias no proxecto e o seu orzamento que obrigarían á tramitación do correspondente expediente de modificación. Ante a falla de acordo entre o contratista e o director facultativo,



Concello de Vigo

sobre os prezos contraditorios para as novas unidades de obra, esta Administración pode optar entre (artigo 242.2 LCSP):

- A contratación das novas unidades de obra con outro empresario polos prezos fixados pola Dirección Facultativa da obra.
- A execución directa polo Concello.
- A resolución do contrato.

Tendo en conta, tanto que o contratista solicitou, en escrito de 15 de outubro de 2021, a resolución de mutuo acordo, como a necesidade de executar a sentenza citada no antecedente primeiro deste escrito, o servizo xestor opta por solicitar a tramitación da resolución do contrato.

Tras un exame das citadas causas de resolución podemos deducir que o caso que nos ocupa se pode subsumir no suposto mencionado no apartado c) da anterior enumeración, que se corresponde co disposto no artigo 211.c da LCSP: "O mutuo acordo entre a Administración e o contratista". Para aplicar esta causa de resolución a lei esixe dous requisitos:

- Que non concorra outra causa de resolución imputable ao contratista.
- Que razóns de interese público fagan innecesaria ou inconveniente a permanencia do contrato.

Como se pode colixir do informe do servizo xestor non concorre ningunha causa de resolución imputable ao contratista. De feito, a resolución acordase pola existencia de erros no proxecto.

De este informe dedúcese tamén que é de interese público resolver este contrato, corrixir o proxecto e volver a licitar de novo a obra, pois é necesario realizala para executar a sentenza 122/2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, citada no antecedente primeiro deste informe.

-III-

Do procedemento de resolución

Constatada a existencia dunha causa de resolución, procede iniciar o procedemento de resolución do contrato.

De conformidade co artigo 211.2 a resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso, seguindo o procedemento que nas normas de desenvolvemento da LCSP se estableza, agás no suposto no artigo 211.1i) que non concorre neste contrato.

Aínda que o procedemento de resolución queda remitido á norma regulamentaria, o artigo 191 da LCSP establece, ao igual que as Leis anteriores, dous trámites de obrigado cumprimento: a audiencia ao contratista e o ditame do Consello de Estado ou órgano equivalente da Comunidade Autónoma respectiva cando se formule oposición pola súa parte.

En espera do desenvolvemento regulamentario, o procedemento aplicable será o previsto no RXLCAP, en vigor no que non se opoña ás novas disposicións legais. Con carácter

supletorio aplicárase, como determina a disposición final 2ª.1 da LCSP, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común (LPAC).

En consecuencia, segundo o previsto nos artigos 191 da LCSP e 109 do RXLCAP, os requisitos do procedemento de resolución son os seguintes:

- Audiencia ao contratista por prazo de dez días naturais.
- Audiencia ao avalista ou asegurador cando se propoña a incautación da garantía, no mesmo prazo anterior.
- Informe da Asesoría Xurídica.
- Informe preceptivo do órgano consultivo da Comunidade Autónoma cando se formule oposición á resolución por parte do contratista.

A resolución poderá instarse por aquela parte á que non lle sexa imputable a circunstancia que dera lugar a ela (artigo 212.2 da LCSP), neste caso concreto por calquera das dúas partes.

Á vista dos trámites enumerados, o procedemento de resolución é un procedemento de carácter contraditorio. Como tal, é trámite preceptivo a audiencia do contratista, a fin de que este poida formular as alegacións que o seu dereito estime convenientes. E a lei, como garantía dos dereitos do contratista, establece que, se este formulase oposición, é preceptivo solicitar o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva.

Consta no expediente a conformidade do contratista, posto que no escrito de 15 de outubro de 2021 solicita a resolución, polo que non é necesario evacuar un novo trámite de audiencia. Coa conformidade do contratista resulta innecesario o informe do Consello Consultivo.

O resto dos trámites do procedemento de resolución previstos nos artigos 191 da LCSP e 109 do RLCAP, a saber, o informe preceptivo da Asesoría Xurídica e a fiscalización da Intervención, deberán realizarse con carácter previo á adopción do acordo da proposta de resolución por parte do órgano de contratación.

Unha vez adoptado o acordo de resolución do contrato, deberá publicarse no perfil de contratante segundo o previsto no artigo 63.3e) da LCSP.

-IV-

Dos efectos da resolución

Os efectos da resolución do contrato veñen regulados con carácter xeral no artigo 213 da LCSP. Nos catros primeiros apartados e no último establece as regras aplicables segundo a causa de resolución, e no apartado 5 establece regras comúns aplicables a todos os supostos.

Con respecto á resolución de mutuo acordo, o seu apartado primeiro se limita a prever que os dereitos das partes axustaranse ao validamente estipulado por elas. No caso que nos ocupa, posto que a obra non se iniciou, non procede que as partes se restitúan o recibido con ocasión do contrato, agás a garantía definitiva depositada polo contratista, nin procede aboamento nin indemnización ningún.



Concello de Vigo

As regras comúns refírense á garantía definitiva (apartado 5). Determina que o acordo de resolución conterà unha manifestación expresa sobre a perda ou non da mesma, e sobre a súa devolución ou cancelación.

O contratista, no seu escrito de 15 de outubro de 2021, solicita a devolución do aval depositado como garantía da obra.

Cómpre indicar que presentou con data 11 de xuño de 2021 aval de ABANCA por importe de 2.594,25 euros, nº de rexistro de avais, 667.465. Este aval foi depositado na Tesourería co nº de operación 202100056069.

Dado que, como se ten dito, a resolución é de mutuo acordo e que as obras non se iniciaron, non é preciso manter a garantía definitiva, polo que procede a súa devolución.

A devolución será obxecto doutro procedemento, por ter delegado a Xunta de Goberno local a competencia no concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda a través do acordo de delegación do 20 de xuño de 2019.

-V-

Do prazo para ditar resolución

A Administración ten a obriga de ditar resolución expresa en todos os procedementos que instrúa, e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación (artigo 21 LPAC), con excepción dos supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio ou nos procedementos sometidos unicamente ao deber de comunicación previa á Administración.

Prevé o artigo 212.8 da LCSP, a diferenza das disposicións precedentes en materia de contratación, que o prazo máximo no que os procedementos de resolución deberán ser instruídos e resoltos é de oito meses, a contar, como establece o artigo 21.3 da LPAC, desde a data do acordo de iniciación no caso de incoarse o procedemento de oficio, ou desde que a solicitude tivo entrada no rexistro electrónico da Administración ou Organismo competente para a súa tramitación, nos supostos nos que sexa solicitada a resolución polo contratista.

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral (artigo 114.3 TRRL e apartado 8 da disposición adicional segunda da LCSP), non sendo necesario o informe do Consello Consultivo por ter prestado a conformidade o contratista.

-VII-

Acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Resolver o contrato de obra para a execución do “Proxecto de renovación do colector de saneamento na avenida Emilio Martínez Garrido” adxudicado pola Xunta de Goberno local a PROYECON GALICIA, S.A., na sesión do 7 de xuño de 2021 por un prezo por un prezo de 62.780,85 euros, por mutuo acordo entre as partes, causa prevista no artigo 211.1 c da LCSP.

2º.- Iniciar os trámites oportunos para a devolución da garantía definitiva.

3º. Notificar este acordo ao contratista e publicalo no perfil de contratante”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(65).-SOLICITUDE DE MQA NAVIA, S.L., DE AUTORIZACIÓN DE CAMBIO DE SOCIO ÚNICO DA CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO PARA A CONSTRUCCIÓN E POSTERIOR XESTIÓN DUN COMPLEXO DEPORTIVO EN NAVIA. EXPTE. 12242/333.

Dáse conta do informe-proposta do 01/02/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto – Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)



Concello de Vigo

-Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da xestión de servizo público mediante concesión para a construción, xestión e explotación do complexo deportivo de Navia por procedemento aberto (PCAP).

ANTECEDENTES

D. Celso Manuel Piñeiro Malvar, en nome e representación da mercantil HEXAVALOR, S.L., conselleira delegada de MQA NAVIA, S.L.U, sociedade instrumental constituída por CIVIS GLOBAL, S.L., adxudicataria da concesión de servizo público para a construción, xestión e explotación do complexo deportivo de Navia, para a xestión da mesma, solicita, en escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello de data 24 de xuño de 2021 (nº documento 210114294), autorización para o cambio do socio único de MQA NAVIA, CIVIS GLOBAL, por UNION VANTAXE.

A continuación expoñeranse os antecedentes máis relevantes relativos á concesión que nos ocupa:

Primeiro.– En data 8 de agosto de 2013, a Xunta de Goberno Local, aprobou o expediente de contratación relativo á concesión de servizo público para a construción e posterior xestión dun complexo deportivo en Navia e acordou iniciar o procedemento de licitación. Así, acordou:

“PRIMEIRO: Contratar a xestión de servizos públicos con execución de obra, na modalidade de Concesión para o novo complexo deportivo de Navia, en base o acordo plenario de data 26 de novembro de 2012 sobre a forma de xestión do complexo deportivo. a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria sendo aplicable para a adxudicación a valoración a través de múltiples criterios. Este contrato está sometido a regulación harmonizada e é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

SEGUNDO: Aprobar os pregos de prescricións técnicas particulares redactado polo Director Deportivo, Xefe da Unidade Técnica con data 17 de xuño de 2013 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral do Departamento de contratación de data 6 de agosto de 2013, para a contratación da xestión de servizos públicos con execución de obra, na modalidade de Concesión para o novo complexo deportivo de Navia”.

Segundo.– En data 22 de novembro de 2013, trala tramitación do procedemento de licitación, a Xunta de Goberno Local, acordou:

“Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L, o procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente 12242–333) por un prazo concesional de 49 anos e un canon de 9.100 euros/ano, sendo o prezo global do proxecto de 8.767.908,48 (sendo a cota correspondente o IVE de 1.521.703,13 €) e coas seguintes prestacións accesorias:

- *Destinará ó investimento inicial en equipamento deportivo o importe de 976.000 euros, IVE excluído, sendo o importe correspondente o IVE de 204.960 euros.*
- *O prezo do abono individual adulto, calculado para 1 mes (sen aplicar matrícula en caso de existir) é de 36,35 euros IVE incluído.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Terceiro.– O PCAP que rexe o contrato que nos ocupa prevé a posibilidade de que os licitadores poidan constituír unha sociedade para a execución do contrato, que será a titular da concesión. Aos licitadores que opten pola constitución da mesma lles impón a obriga de achegar no sobre da documentación persoal da súa oferta o compromiso de constitución, xunto coa relación de promotores da futura sociedade concesionaria e características da mesma, tanto xurídicas como financeiras (cláusula 14.a).4º PCAP).

CIVISGLOBAL, S.L., axuntou na súa oferta este compromiso de constitución da sociedade no que se describen as características xurídicas e financeiras da mesma. Trala notificación da adxudicación do contrato, a citada mercantil, mediante escrito de data 17 de decembro de 2013, comunicou a esta Administración a constitución dunha sociedade titular da concesión e solicitou a formalización do contrato coa mesma.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 7 de marzo de 2014, tomou razón da constitución da sociedade MQA NAVIA, S.L., por parte da empresa CIVIS GLOBAL, S.L., e acordou autorizar a formalización do contrato coa mesma. Esta se produciu o 10 de abril de 2014 en escritura pública autorizada polo notario D. Jaime Romero Costas.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza do contrato e lexislación aplicable

O contrato de xestión de servizo público con obra para a construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia foi adxudicada por acordo da Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) do Concello de Vigo de 22 de novembro de 2013 a CIVISGLOBAL, S.L. Esta mercantil axuntou na súa oferta o compromiso de constitución dunha sociedade instrumental para a xestión da concesión. A XGL, na sesión ordinaria do 7 de marzo de 2014, tomou razón da constitución da sociedade MQA NAVIA, S.L., e acordou autorizar a formalización do contrato coa mesma, que materializouse o 10 de abril de 2014 en escritura pública autorizada polo notario D. Jaime Romero Costas.

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).

-II-

Da transmisión de accións da sociedade concesionaria

MQA NAVIA, S.L., titular da concesión de servizo público para a construción e posterior explotación dun complexo deportivo en Navia, solicita autorización para un cambio na titularidade das súas accións. A actual propietaria das mesmas, CIVIS GLOBAL, S.L., pretende transmitilas á súa sociedade matriz, UNION VANTAXE, S.L.,

titular de todas as súas accións. Tal e como di o solicitante "*La socia única de LA CONCESIONARIA, esto es, CIVIS GLOBAL, S.L. (UNIPERSONAL), pretende proceder a la escisión parcial financiera impropia de la totalidad de las participaciones sociales que CIVIS GLOBAL, S.L. (en adelante, la "Sociedad Escindida") ostenta de LA CONCESIONARIA, mediante su transmisión en bloque a UNIÓN VANTAXE (en adelante, la "Sociedad Beneficiaria"), en su condición de socia única de la Sociedad Escindida"*.

A realización da operación solicitada, a priori, non supón un cambio da titularidade da concesión. Efectivamente, na transferencia da titularidade de accións, non se modifican as partes do contrato e, a sociedade concesionaria é a mesma aínda que se varie a composición do seu accionariado.

En principio, podería pensarse que se trata simplemente dunha operación con transcendencia interna. Si acaso podería afectar á concesión se con elo se afectase a solvencia da concesionaria. No entanto, neste caso, ao transmitirse a totalidade das accións da sociedade concesionaria a un terceiro, este ten capacidade de influír na marcha da execución do contrato, ao ostentar o control daquela e ter o poder de tomar decisións, motivo polo cal a esta Administración non lle resulta indiferente a transmisión.

No que parece coincidir a doutrina é en que calquera variación na composición material do accionariado non pode dar lugar ao deber de solicitar a autorización administrativa previa para levar a cabo a operación. Sería necesario esixila cando se transmite unha porcentaxe da composición accionarial suficiente como para que o adquirente realmente teña unha posición real e efectiva de dominio sobre a empresa concesionaria. Neste senso podemos citar o Ditame do Consejo de Estado 3375/2001, que equipara a transmisión da totalidade das accións ou participacións dunha sociedade concesionaria de obras públicas á cesión do contrato, polo que entende que, debe someterse á autorización do órgano de contratación:

"A juicio del Consejo de Estado, la importancia de la identidad del concesionario no resulta una cuestión menor. A la Administración no le es indiferente quién es el titular de la concesión y las condiciones en que construye, conserva y explota la obra pública. Ello se evidencia en el caso de las concesiones de obras públicas en que la legislación general de contratos de las Administraciones Públicas permite la transferencia de la concesión siempre "que el órgano de contratación autorice expresamente y con carácter previo la cesión" (artículo 114 del texto refundido de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas). Sobre la base de que a la Administración no le es indiferente quién es el titular de la concesión, el Consejo de Estado considera



Concello de Vigo

oportuno señalar que, en el desempeño de su función consultiva, ha entendido que "la transferencia de la titularidad de todas las acciones de una entidad concesionaria comporta la transmisión de la concesión" (dictamen núm. 998/94, de 23 de junio de 1994). Parece evidente que en tal caso no se produce una alteración de la titularidad formal, pero sí de los accionistas o partícipes y, por ende, de los últimos propietarios. Como se ha puesto de manifiesto tanto por la doctrina científica como por la jurisprudencia, el denominado mito de la personalidad jurídica no puede servir ni para justificar situaciones legalmente fraudulentas ni para desvirtuar la esencia de la institución. Es preciso, traspasando los conceptos abstractos y las formas jurídicas, investigar el fondo de las situaciones. En tal caso, el Consejo de Estado proclamó en el mencionado dictamen que "(...) la transferencia de todas las acciones de una entidad concesionaria comporta la sustitución del concesionario, pues la sociedad es simple reflejo de la actuación, intereses y solvencia de quienes son sus socios; se da una transmisión real de la condición de concesionario; de ahí que deba considerarse que tal supuesto precisa de la autorización administrativa establecida para tal caso, pues la Administración necesita saber en cada momento quién es el concesionario real y cuáles son sus garantías (...)". Es claro, por tanto, que los casos de transferencia de la titularidad de todas o parte de las acciones representativas del capital social de una sociedad se equiparan a los de transmisión de la concesión, cualquiera que sea el porcentaje efectivamente transmitido, siempre que suponga una alteración del control efectivo de la sociedad concesionaria."

O Tribunal de Justicia de la Comunidad Europea, en sentenza do 19 de xuño de 2008 (Asunto Presstext Nachrichtenagentur GMBH), resolveu que:

"La cesión de participaciones sociales "a un tercero durante el período de vigencia del contrato examinado en el asunto principal, ya no se trataría de una reorganización interna de la otra parte inicial del contrato, sino de un cambio efectivo de parte contratante, lo que constituiría en principio el cambio de un término esencial del contrato. Esta circunstancia podría constituir una nueva adjudicación del contrato en el sentido de la Directiva 92/50".

Neste mesmo senso, a Sentenza 294/2015, do Tribunal Superior de Justicia de la Comunidad de Madrid, equiparou a compravenda de accións sociais á cesión contractual, considerando que bastaba a transmisión dun número de accións que

supoñan un control efectivo sobre a sociedade mercantil concesionaria do servizo público.

A transmisión de accións é un suposto non previsto na lexislación de aplicación nin no propio prego, máis si na actual lei de contratos do sector público. Esta prevé para o suposto que nos ocupa con carácter xeral, no artigo 214.1, que:

“Cuando los pliegos prevean que los licitadores que resulten adjudicatarios constituyan una sociedad específicamente para la ejecución del contrato, establecerán la posibilidad de cesión de las participaciones de esa sociedad; así como el supuesto en que, por implicar un cambio de control sobre el contratista, esa cesión de participaciones deba ser equiparada a una cesión contractual a los efectos de su autorización de acuerdo con lo previsto en el presente artículo. Los pliegos podrán prever mecanismos de control de la cesión de participaciones que no impliquen un cambio de control en supuestos que estén suficientemente justificados”.

E especificamente para o suposto de concesións de servizos, dispón o artigo 285.1.e que:

“e) Preverán también la posibilidad de que se produzca la cesión del contrato de conformidad con lo previsto en el artículo 214, así como de las participaciones en la sociedad concesionaria cuando se constituyera una sociedad de propósito específico por los licitadores para la ejecución del contrato. Asimismo, establecerán criterios para la determinación de cuándo la cesión de las participaciones deberá considerarse por suponer un efectivo cambio de control y, en el caso de que estuviera justificado por las características del contrato, se establecerán también mecanismos de control para cesiones de participaciones en la sociedad concesionaria que no puedan equipararse a una cesión del contrato. En todo caso se considerará que se produce un efectivo cambio de control cuando se ceda el 51 por ciento de las participaciones”.

É moi ilustrativo ao respecto o Informe 2/2020, de 9 de xuño de 2021, sobre “cuestiones relativas a la transmisión de acciones de una sociedad y la cesión de contratos” da Comisión Consultiva de Contratación Pública da Junta de Andalucía, que dí:

“En definitiva, visto el recorrido de la cuestión planteada con anterioridad a la entrada en vigor de la LCSP, este órgano consultivo considera acertado aplicar la doctrina del Consejo de Estado y la jurisprudencia del Tribunal de Justicia de



Concello de Vigo

la Unión Europea en aquellos contratos regidos por la anterior normativa sobre contratación pública, siempre que suponga una alteración del control efectivo de la sociedad contratista.

En consecuencia, a los efectos de la autorización de la transmisión de participaciones, el órgano de contratación deberá revisar los siguientes extremos: primero, comprobar que las cualidades técnicas o personales del cedente-transmitente no hayan sido razón determinante para la adjudicación del contrato; segundo, a la vista de la composición del mercado afectado por el contrato, que no resulte de la cesión-transmisión una restricción efectiva de la competencia; y, tercero, si a la vista de los pliegos y del contrato finalmente celebrado, que la cesión no suponga una alteración sustancial de las características del contratista si estas constituyen un elemento esencial del contrato.

E conclúe que:

1.- La regulación de la figura de la cesión del contrato establece que esta no podrá autorizarse cuando suponga una alteración sustancial de las características del contratista si éstas constituyen un elemento esencial del contrato, ya que a la Administración no puede serle indiferente quién es el titular del contrato y, por ello, el supuesto de transmisión de la titularidad de todas o parte de las acciones representativas del capital social de una sociedad constituida específicamente para la ejecución del contrato se equiparan a la cesión del contrato, cualquiera que sea el porcentaje efectivamente transmitido, siempre que suponga una alteración del control efectivo de la sociedad contratista.

2.- Entre los requisitos que se deben cumplir para ceder un contrato o para transmitir participaciones o acciones de una sociedad se encuentra el que el órgano de contratación autorice, de forma previa y expresa, la cesión o la transmisión de participaciones; y que el cesionario tenga capacidad para contratar con la Administración y la solvencia que resulte exigible, y no estar incurso en una causa de prohibición de contratar."

Á vista do exposto, esta Administración poderá acceder autorizalo sempre e cando se cumbran os requisitos da cesión.

O presuposto básico da cesión é que o contrato sexa susceptible de cederse. O artigo 226.1 do TRLCSP non permite a cesión nos seguintes supostos:

- Cando as calidades técnicas ou persoais do cedente fosen razón determinante da adxudicación do contrato.
- Cando da cesión resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado.
- Cando a cesión supoña unha alteración substancial das características do contratista si estas constitúen un elemento esencial do contrato.

Supostos que non concorren na transmisión de accións solicitada.

Os requisitos indispensables para a cesión do contrato están recollidos no artigo 226.2 do TRLCSP. Estes son:

– Requisitos obxectivos:

- Que o cedente teña executado cando menos un 20% do importe do contrato ou, cando se trate da xestión de servizo público, que efectúe a súa explotación durante polo menos unha quinta parte da súa duración. Non será de aplicación este requisito se a cesión se produce atopándose o adxudicatario en concurso aínda que se teña aberto a fase de liquidación.

– Requisitos subxectivos:

- Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración.
- Non estea incurso nunha prohibición de contratar.
- Teña a solvencia esixible ou, no seu caso, a debida clasificación se fora esixida ao cedente.

– Requisitos formais:

- Que o órgano de contratación autorice previa e expresamente a cesión.
- Que a cesión se formalice entre o adxudicatario e o cesionario en escritura pública.

O PCAP que rexe este contrato non esixe requisitos adicionais para a cesión. Regula a sociedade concesionaria na súa cláusula 55.e) que determina que a mesma “deberá ser constituída no prazo dun mes dende a notificación da adxudicación e con carácter previo a formalización do contrato” (apartado a), e cumprir cos seguintes requisitos (apartado b):



Concello de Vigo

1. Adoptar a forma societaria de sociedade de responsabilidade limitada ou sociedade anónima.
2. Ter o seu domicilio social en Vigo.
3. O obxecto social da sociedade consistirá exclusivamente na xestión da presente concesión.
4. A personalidade xurídica da sociedade deberá permanecer invariable durante todo o período da duración do contrato, incluídas as prórrogas que puidesen acordarse, recollendo nos seus estatutos sociais a prohibición expresa de efectuar, sen a correspondente autorización do órgano de contratación, calquera das operacións societarias de transformación, absorción, escisión ou fusión reguladas nas lexislación aplicable.
5. A sociedade concesional deberá adoptar o modelo de contabilidade que se especifica neste prego.
6. A sociedade non poderá disolverse nin liquidarse ata que se extinga o contrato concesional por calquera das causas enumeradas no TRLCSP ou no presente prego.

Ningunha destas condicións resulta alterada polo cambio de titularidade de accións solicitado.

Hai que ter en conta, ademais, que CIVIS GLOBAL, S.L., no seu consello de administración de data 27 de novembro de 2013, no que se acorda a creación da sociedade concesionaria, adquiriu o compromiso de garantir a solvencia económica e técnica de MQA NAVIA, respondendo solidariamente das actuacións desta na execución do contrato durante a duración da concesión, incluídas as eventuais prórrogas. Compromiso recollido na escritura de formalización do contrato e nos Estatutos da sociedade concesionaria, que se reitera no escrito de solicitude:

“VI.– Que, a la vista de lo anterior, se pone en conocimiento de este Órgano que este cambio de titularidad social, de modo alguno implicará cambio alguno en las condiciones mínimas de solvencia económica y financiera y profesional o técnica exigidas por el Pliego de condiciones de contratación a LA CONCESIONARIA, ni supondría cambio alguno en las circunstancias que hubiesen sido tenidas en cuenta para conceder la clasificación correspondiente a LA CONCESIONARIA, tal y como se acreditará en su caso ante el Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Estado y, en su caso, ante el

órgano de contratación correspondiente. De este modo, CIVIS GLOBAL , S.L. (UNIPERSONAL) continuará garantizando la solvencia económica y técnica de MQA NAVIA, S.L. y responderá solidariamente con MQA NAVIA, S.L. de las actuaciones de la misma en el ámbito de las operaciones relativas a la ejecución del contrato durante el plazo concesional, incluidas sus prórrogas, para el caso de que existan”.

No entanto, este compromiso resultaría difícil de cumprir se as accións de que é titular CIVISGLOBAL pasan a súa empresa matriz.

Con respecto aos requisitos legais citados, é preciso apuntar que xa non se cumpre o primeiro deles, posto que o cedente non explotou a concesión de servizos unha quinta parte da súa duración.

A cláusula 6 do PCAP determina que *“A concesión outorgase polo prazo máximo de 50 anos ou o menor polo que resulte adxudicada segundo a oferta formulada polo adxudicatario, a contar dende a data de formalización do contrato”*.

O concesionario ofertou un prazo de 49 anos e o contrato formalizouse en data 10 de abril de 2014. A quinta parte do período concesional é de 9 anos, 9 meses e 18 días. E neste intre levamos 7 anos, 9 meses e 21 días de explotación. En consecuencia, xa non é preciso analizar o resto dos requisitos legais, pois non procede autorizar a transmisión de todas as participacións sociais da empresa concesionaria.

-III-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Non autorizar a transmisión de todas as accións de MQA NAVIA, S.L.U, das que é titular CIVIS GLOBAL, S.L., a UNION VANTAXE, S.L., solicitada por D. Celso Manuel Piñeiro Malvar, en nome e representación da mercantil HEXAVALOR, S.L., conselleira delegada de MQA NAVIA, S.L.U, en escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello de data 24 de xuño de 2021 (nº



Concello de Vigo

documento 210114294), por non cumprir as condicións esixidas pola lei para a cesión do contrato, tal e como se expón no fundamento xurídico deste informe".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(66).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA ÚTIL A TRAVÉS DE GAS NATURAL E O MANTEMENTO INTEGRAL (TOTAL) DAS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCCIÓN DE AUGA QUENTE DAS DIVERSAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE. 4267/611.

Visto o informe xurídico do 19/01/2022 e o informe de fiscalización do 28/01/2022, dáse conta do informe-proposta do 19/01/2022, asinado polo adxunto á Xefatura de Deportes, o xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

Antecedentes:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, o 25 de maio de 2021.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2021, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 30 de decembro de 2020 e publicado no perfil de contratante e no plan de contratación do ano 2022 aprobado poloa Xunta de Goberno Local o 13 de xaneiro de 2022.

- Memoria económica de data 15 de xuño, correxida o 18 de novembro e en data 24 de novembro do 2021 relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP, en base o estudo técnico emitido pola enxeñeira de minas_intensificación enerxía, Ana Belén Albo de data 26 de marzo de 2021, para a redacción do PPT, actualizado no informe de actualización de tarifas de data 25 de outubro de 2021. En ditos informes se recollen os prezos das tarifas de gas natural, os custos dos peaxes e cánones, mantementos correctivos e legais así como os custos da reparación da monitorización da telexestión.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retencións de crédito de data 22 de novembro de 2021 (operación nº 202100111560, 202100111561, 202100111562, 202100111563, 202100111565, 202100111566).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data data 23 de xuño, correxido 15 de xullo, 15 de setembro, 13 de decembro e o 28 de decembro do 2021.
- Memoria xustificativa, de data 17 de xullo de 2021, correxida o 13 de decembro, e o 28 de decembro de 2021 e relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido rexeráse polo disposto no artigo 156 da LCSP que regula o procedemento aberto.
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Xustificación da solvencia esixida aos licitadores.
- Lugar de entrega do obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 29 de decembro do 2021.
- Prego de Cláusulas administrativas particulares asinado polo servizo de contratación de data 29 de decembro de 2021, corrección de data 18 de xaneiro de 2022.

Fundamentos de dereito

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos



Concello de Vigo

previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Area. O concelleiro- delegado de Deportes mediante resolución de 02 de febreiro corrección de 20 de xullo do 2021 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de servizo (art. 17 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto (art. 156 LCSP) non necesita máis xustificación.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato, artigo 116 apartado 2, e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

A tramitación do expediente realízase por procedemento ordinario art. 116. LCSP.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Noveno.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª .4 LCSP)

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ENERXIA UTIL A TRAVES DE GAS NATURAL E O MANTEMENTO INTEGRAL (TOTAL) DAS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCCIÓN DE AUGA QUENTE DAS DIVERSAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 28 de decembro do 2021 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 29 de decembro do 2021 corrección de data 18 de xaneiro de 2022.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 386.383,38 euros euros con iva, sendo o IVE a soportar pola administración de 67.058,27 euros, sendo:

A) O Termo fixo (mantemento total): 165.775,03 euros, dos cales 36.229,41 euros se corresponden cos custos de reparación da monitorización da telexestión das instalacións.

B) O Termo variable (subministro): 220.608,35 euros.

DISTRIBUCIÓN EN ANUALIDADES

PERIODO	IMPORTE TOTAL / € C/IVE	SUBMINISTRO/€ C/IVE	APLICAC. ORZAMENTARIA	MANTEMENTO INTEGRAL CON GARANTÍA TOAL€ / C/IVE	APLICAC. ORZAMENTARIA
2022 (16/05/2022 a 31/12/2022)	78.900,19	27.802,70	34202210200	51.097,49	34202279921
2023	68.397,30	44.121,67	34202210200	24.275,63	34202279921
2024	71.346,67	44.121,67	34202210200	27.225,00	34202279921
2025	71.346,67	44.121,67	34202210200	27.225,00	34202279921
2026	71.346,67	44.121,67	34202210200	27.225,00	34202279921
2027 (01/01/2027 a 15/005/2027)	25.045,88	16.318,97	34202210200	8.726,91	34202279921
	386.383,38	220.608,35		165.775,03	

O contrato financiarase con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias 3420.2210200 “Gas”, 3420.2279921 Mantemento caldeiras gas pavillóns e bolsa de vinculación.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

8(67).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DAS INSCRICIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUITO RUNRUNVIGO. EXPTE. 21172/333.

Visto o informe xurídico do 21/01/2022 e o informe de fiscalización do 27/01/2022, dáse conta do informe-proposta do 19/01/2022, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

1.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Pleno municipal do Concello de Vigo, recolle dentro do Programa 3410, a aplicación orzamentaria 3410.226.09.01 "Organización de actividades deportivas".

2.- Con data 03 de decembro de 2021, na sesión ordinaria, a Xunta de Goberno Local, aprobou o "Programa Municipal Circuito de Carreiras Populares RunRunVigo 2022".

3.- Con data 04/01/2022, de conformidade e no uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85) e Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019 e tendo en conta que o obxecto desta contratación, implica o exercicio de competencias indicadas como propias, no artigo 25.1 e 25.2.I da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Concelleiro de deportes asina a orde para que se proceda a iniciar expediente necesario para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuito RunRunVigo.

4.- Con data 18/01/2022, por parte do Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, D. Rubén Peña Barceló, redáctase memoria xustificativa da necesidade da contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuito RunRunVigo.

2.- Condicións definitorias do contrato:

a.- Obxecto e natureza do contrato:

O obxecto do presente contrato é a realización da prestación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuito RunRunVigo na cidade de Vigo.

O presente contrato atópase vinculado ás competencias propias previstas no art. 25.2. I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, en relación á execución de programas de promoción da actividade deportiva.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 28 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordeamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014), así como os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse relacionadas no prego de prescricións técnicas particulares e de forma xeral atende fundamentalmente a xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuito RunRunVigo na cidade de Vigo.

O contrato, polo seu obxecto, será un contrato de Servizo, previsto no artigo 17 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao orde-

namento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014) (no sucesivo, LCSP).

Non se contempla a división en lotes do contrato xa que determínase que a realización independente ou por lotes das diversas prestacións e traballos obxecto do presente contrato dificultaría a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico, xa que implica a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes. Tanto para a xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe, como para o montaxe e desmonte dos diferentes elementos e infraestruturas recollidos no prego técnico é necesario a utilización de medios humanos, técnico, e especializados que deberían estar vinculados á mesma empresa responsable dos mesmos.

As diferentes prestacións contempladas no obxecto do contrato están vinculadas entre si, son complementarias e non separables, polo que debe tratarse como unha unidade funcional.

b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto, e por tramitación ordinaria, polo que non precisa de mais xustificación.

c.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 99 e 102 da LCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, atópase determinado tendo en conta que o prazo máximo do contrato establécese nunha anualidade, o importe máximo para a totalidade do contrato, ao tratarse dun contrato segundo necesidades, estímase en 10.213,91 € sen iva, cun importe correspondente ó iva (21%) de 2.144,92 € o cal totaliza un importe de 12.358,83 € con IVE (21%).

Atendendo as peculiaridades dos servizos obxecto deste contrato, o prezo do contrato determinarase en termos de prezos por servizo vinculado o contrato.

Para a determinación do orzamento base de licitación, tómanse como referencia os custos medios de necesidades baseadas en servizos similares recollidos noutros expedientes tramitados polo servizo de deportes.

O presente contrato será calculado en base á referencia do prezo unitario para cada carreira, segundo os conceptos desglosados de custes salariais e de seguridade social, xestión dos cronometraxes, difusión en redes sociais, xestións das clasificacións, montaxe e desmonte de infraestruturas e gastos xerais e beneficio industrial, establecéndose como prezo de licitación para dito contrato o de 10.213,91 € sen iva, cun importe correspondente ó iva (21%) de 2.144,92 € o cal totaliza un importe de 12.358,83 € con IVE (21%).

CUSTO UNITARIO POR CARREIRA (12 CARREIRAS)		
	SEN IVE	CON IVE
CUSTO UNITARIO POR CARREIRA	851,16€	1.029,90€



Concello de Vigo

O importe máximo para a totalidade do contrato estímase en 10.213,91 € sen iva, cun importe correspondente ó iva (21%) de 2.144,92 € o cal totaliza un importe de 12.358,83 € con IVE (21%), co seguinte desglose do contrato por anualidades:

Anualidades	Importe sen iva	IVE	Importe con IVE
2022	10.213,91 €	2.144,83 €	12.358,83 €
Totais	10.213,91 €	2.144,83 €	12.358,83 €

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida que se detalla e a bolsa de vinculación:

3410	2260901	Organización de actividades deportivas
------	---------	--

O valor estimado do contrato establécese en 40.855,64€.

O importe do contrato establécese de acordo cos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira contidos no artigo 7 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, xa que os créditos que se prevén para este contrato para cada exercicio son análogos aos existentes en anteriores exercicios presupostarios co mesmo obxecto e non van a significar desequilibrio financeiro ningún tendo en conta que os prezos unitarios axústanse aos prezos de mercado, pois establecéronse coa experiencia adquirida na execución do vixente contrato.

d.- Revisión de prezos.

O presente contrato non será obxecto de revisión de prezos.

e.- Réxime de pagamento:

Pagaranse as facturas en función das carreiras efectivamente celebradas consonte aos prezos unitarios fixados, coa aplicación da % de baixa ofertada polo adxudicatario.

f.- Clasificación contratistas

Non procede.

g.- Solvencia económica e Financeira e solvencia técnica:

- Solvencia económica e financeira:

Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios excepto que no apartado 5.A das FEC se determinen outros distintos:

- Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual o superior ao 70% do valor estimado do contrato, por ter unha duración non superior a un ano.

Para as empresas de nova creación (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a 5 anos) considerarse con solvencia económica aquelas cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos

tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao 50% do valor estimado do contrato; por ter unha duración non superior a un ano.

- Solvencia técnica e profesional:

Agás que no apartado 5.B das FEC se determine outro distinto, acreditarase a través do seguinte medio:

- Unha relación dos principais subministros ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constituían o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita subministros ou traballos por importe igual ou superior ao 70% do prezo do contrato.

Para as empresas de nova creación: as empresas de nova creación (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a cinco anos) poderán acreditar a súa solvencia por algún dos medios previstos nas letras b) a g) do apartado 1 do artigo 89 da LCSP.

Xustificación solvencia:

Os requisitos solicitados na presente contratación de conformidade co establecido no artigo 74 da LCSP, están directamente vinculados co obxecto do contrato e son totalmente proporcionais, considerándose que a presentación de dita solvencia garantirá a capacidade do adxudicatario para contratar coa administración.

h.- Criterios de selección da oferta máis vantaxosa.

Prevese a valoración de múltiples criterios, en cumprimento do artigo 145.1 da LCSP:

h.1.- Avaliable mediante xuízo de valor:

Plan de organización e execución do servizo; explícase como se vai valorar ata 25 puntos.

- Memoria de execución do servizo; Valorarase ata 15 puntos.
- Memoria do plan de montaxe; Valorarase ata 5 puntos.
- Memoria do plan de calidade, seguimento e control; Valorarase ata 5 puntos.

h.2.- Avaliables mediante fórmula:

- Porcentaxe de desconto único a aplicar ao prezo do contrato, con excepción dos custes salariais: Valorarase ata un máximo de 45 puntos.
- Maior desconto no prezo que o adxudicatario aplicará en concepto de aluguer de chip desechable ou no reutilizable ás entidades organizadoras de cada unha das probas con respecto ó prezo detallado no PPT: Valorarase ata un máximo de 10 puntos.
- Proposta de servizos complementarios: Valorarase ata un máximo de 20 puntos.
 - Zona de control intermedio complementario en todas as probas: 3 puntos.
 - Monitor de seguimento de clasificacións na zona de chegada de cada proba cun tamaño mínimo de 55": 3 puntos.
 - 5 Mailing masivos de promoción de carreiras pedestres ou eventos en vía pública a celebrar na cidade de Vigo organizados ou con participación municipal non incluídos no programa RunRunVigo: 5 puntos.
 - Ampliación prazo de inscrición de corredores ata 48h previas á celebración do



Concello de Vigo

evento nos casos que se solicite: 5 puntos.

- Enlace directo no entorno web da empresa ás principais redes sociais dos organizadores de cada unha das probas e do Concello de Vigo: 4 puntos.

i.- Subcontratación.

Admítese a subcontratación. Non se reservan tarefas críticas

j.- Prazo de garantía:

Pola natureza da prestación obxecto deste contrato non é necesario fixar prazo de garantía.

k.- Garantía provisional e definitiva:

Non procede a constitución dunha garantía provisional e como garantía definitiva, o licitador que resulte adxudicatario provisional do contrato deberá prestar unha garantía do 5% do prezo de adxudicación do contrato (excluído o iva).

l.- Prazo de execución e si se prevén prórrogas do mesmo.

Establécese como período do contrato de acordo os límites contemplados no artigo 29 da L.C.S.P, o de 9 meses e 18 días, entre o 14 de marzo de 2022 e o 31 de decembro de 2022, debendo terminar obrigatoriamente o 31 de decembro de 2022, establecéndose tres prórrogas dun ano cada unha.

Dada a situación actual relacionada coa pandemia derivada do COVID-19, con cambios que poden afectar ó desenvolvemento e incluso a celebración de probas deportivas, parece aconsellable limitarse á produción dun ano, coa posibilidade de prorrogar ou non o contrato no caso de consideralo adecuado e que as condicións sexan as axeitadas.

m.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato.

Non se prevé.

n.- Modificación do contrato.

Non se prevé.

o.-Seguro:

O adxudicatario deberá ter subscrita unha póliza de seguro que cubra a responsabilidade civil por un importe mínimo de 1.200.000 euros derivada da execución do contrato. O sublímite por vítima será de 600.000 euros.

A empresa adxudicataria terá que presentar copia da póliza e copia do último recibo que xustifique que está ao corrente no pagamento da mesma.

3.- Proposta:

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación para a prestación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto RunRunVigo na cidade de Vigo.

Segundo: Aprobar o Prego de prescrición técnicas particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre a execución do servizo de de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto RunRunVigo na cidade de Vigo, asinado polo xefe do servizo de deportes-Director deportivo, con data 18 de xaneiro de 2022.

Terceiro: Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola Técnica de administración Xeral e a xefa do servizo de contratación do Concello de Vigo con data 18 de xaneiro de 2022.

Cuarto: Autorizar o gasto polo importe máximo de **10.213,91€ sen iva**, e un importe correspondente o iva (21%) de **2.144,92 €** o cal totaliza un importe de **12.358,83 €** con IVE (21%), co seguinte desglose do contrato por anualidades:

Anualidades	Importe sen iva	IVE	Importe con IVE
2022	10.213,91 €	2.144,83 €	12.358,83 €
Totais	10.213,91 €	2.144,83 €	12.358,83 €

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida que se detalla e a bolsa de vinculación:

3410	226.09.01	Organización de actividades deportivas
------	-----------	--

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(68).-PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO INTERINO DUN DIPLOMADO EN ENFERMERÍA PARA O SERVIZO DE CEDRO. EXPTE. 39160/220.

Visto o informe de fiscalización do 31/01/2022, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Admón. Xeral (Resolución do 27/01/2022) e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES



Concello de Vigo

1.- Visto o informe de necesidades emitido o 06/10/2021 pola Xefatura do servizo de CEDRO coa conformidade da concellería delegada competente, respecto das necesidades concorrentes no servizo; e visto o informe técnico de data de sinatura electrónica no que consta que *“a praza de Diplomado/a en Enfermería, atópase vacante, polo que a xuízo do que subscribe, estaría en disposición de ser cuberta interinamente en réxime funcional con cargo a vacante incluída na OEP-2021 pola quenda libre e publicada no DOG de 30/12/2021”*, resulta urxente proceder a súa cobertura, en cumprimento das obrigas legais na materia.

2.- En data de sinatura electrónica, polo órgano municipal competente procedeuse a *“Ordear a incoación de expediente administrativo para a provisión interina de 1 praza vacante de diplomado en enfermería, existente no Servizo Cedro, nos termos que procedan consonte ao establecido no marco normativo referencial de aplicación”*.

3.- Consta anexado ao expediente informe técnico (trámite 20 do expediente) acreditativo da existencia de vacante de praza susceptible de ser interinamente cuberta (cód. 315 - Diplomado/a en Enfermería) da Relación de Postos de Traballo vixente.

No dito informe indícase, entre outros aspectos, que:

*“O custo anual que figura no Capítulo I do Orzamento de Gastos, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria de 22 de decembro de 2021, publicado no BOP núm. 248 de 27 de decembro seguinte, dun posto de **Diplomado/a en Enfermería, cód. 85**, para o exercicio 2022 e de 54.460,28€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 120.0100 (soldo base, por un importe anual de 14.415,00€), 121.0001 (complemento de destino, por un importe anual de 9.686,32€), 121.0101 (complemento específico por un importe anual de 18.134,20€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 12.224,76€), significando que o **custe máximo anual para presente ano 2022, sería de 49.921,93€** (dos que **38.715,90€ corresponden a retribucións e, 11.206,03€ a seguridade social a cargo ao empregador**), toda vez habería que imputalo a un máximo de 11 meses, xa que non estaría en condicións de ser nomeado/a ata polo menos o 01 de febreiro próximo, xa que os créditos do primeiro mes deste ano xa foron utilizados na modificación orzamentaria número 3/2022, expte. 39089/220, para facer fronte a insuficiente dotación orzamentaria das aplicacións 920.0.140.0000, por un total de 513.376,14€ e 920.0.160.0099, por un total de 280.397,29€.”*

4.- En consecuencia, tramitado o expediente pola Área xestora, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”



Concello de Vigo

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concurra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **“la existencia de plazas vacantes, cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera, por un máximo de tres años, en los términos previstos en el apartado 4”** (letra a) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

O concreto apartado 4 citado recolle que *“en el supuesto previsto en el apartado 1.a) las plazas vacantes desempeñadas por personal funcionario interino deberán ser objeto de cobertura mediante cualquiera de los mecanismos de provisión o movilidad previstos en la normativa de cada Administración Pública.*

No obstante, transcurridos tres años desde el nombramiento del personal funcionario interino se producirá el fin de la relación de interinidad, y la vacante solo podrá ser ocupada por personal funcionario de carrera, salvo que el correspondiente proceso selectivo quede desierto, en cuyo caso se podrá efectuar otro nombramiento de personal funcionario interino.

Excepcionalmente, el personal funcionario interino podrá permanecer en la plaza que ocupe temporalmente, siempre que se haya publicado la correspondiente convocatoria dentro del plazo de los tres años, a contar desde la fecha del nombramiento del funcionario interino. En este supuesto podrá permanecer hasta la resolución de la convocatoria, sin que su cese dé lugar a compensación económica.”

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademáis delo, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento obxecto de proposta, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20.09.2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, efectúase ao posto de traballo cód. 315 - Diplomado/a en Enfermería.

Asimesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

V. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente:

*“O custo anual que figura no Capítulo I do Orzamento de Gastos, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria de 22 de decembro de 2021, publicado no BOP núm. 248 de 27 de decembro seguinte, dun posto de **Diplomado/a en Enfermería, cód. 85**, para o exercicio 2022 e de 54.460,28€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 120.0100 (soldo base, por un importe anual de 14.415,00€), 121.0001 (complemento de destino, por un importe anual de 9.686,32€), 121.0101 (complemento específico por un importe anual de 18.134,20€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 12.224,76€), significando que o **custe máximo anual para presente ano 2022, sería de 49.921,93€** (dos que **38.715,90€ corresponden a retribucións e, 11.206,03€ a seguridade social a cargo ao empregador**), toda*



Concello de Vigo

vez habería que imputalo a un máximo de 11 meses, xa que non estaría en condicións de ser nomeado/a ata polo menos o 01 de febreiro próximo, xa que os créditos do primeiro mes deste ano xa foron utilizados na modificación orzamentaria número 3/2022, expte. 39089/220, para facer fronte a insuficiente dotación orzamentaria das aplicacións 920.0.140.0000, por un total de 513.376,14€ e 920.0.160.0099, por un total de 280.397,29€)”

Efectuándose unha remisión expresa ao contido do informe técnico referenciado, solicítase expresamente que os aspectos indicados no mesmo respecto das previsións e impacto nos orzamentos se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

VI. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Segundo informe administrativo de verificación (trámite 24 do expediente) consta que:

- Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Diplomados/as en enfermería , existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas ditas listaxes, renuncia a candidata seguinte da listaxe de Diplomados/as en enfermería: G. Costa Díaz con DNI: ***3954**.

- *Que unha vez producidas as renuncias correspondentes, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Diplomado en enfermería con cargo a praza vacante ao seguinte candidato: J. Rouco Velasco con DNI:***6787**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”*

O/a aspirante interesado/a e dispoñible aceptou expresamente o nomeamento interino ofertado mediante escrito incorporado ao expediente, acreditando documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto.

VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

VIII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excm. Alcaldía de 16/04/2021 e por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021.

IX.- PROPOSTA DE ACORDO

“PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionario interino nos termos e condicións seguintes:

- *Categoría profesional:* Diplomado en enfermería
- *Modalidade legal:* funcionario interino para a cobertura de praza vacante (artigo 10.1, letra a) do TREBEP)
- *Destino:* Servizo CEDRO
- *Período temporal:* ata a provisión definitiva da praza e en todo caso por un máximo de 3 anos, consonte ao establecido no artigo 10.1, letra a) e 10.4 do TREBEP.
- *Custe económico:* O custe total correspondente a éste efectivo durante o periodo comprendido entre o 01/02/22 e o 31/12/22 sería o seguinte:

• Aplicación	• Partidas orzamentarias	• Retribucións	• Seguridade Social	• Total
• 920.0	• 120.01.00, 121.00.01 e, 121.01.01	• 38.715,90€	• 11.206,03€	• 49.921,93€

Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

SEGUNDO: Nomear como funcionario interino con cargo a praza vacante, cos límite temporal máximo de 3 anos nos termos e condicións do establecido no artigo 10.4 do



Concello de Vigo

*TREBEP, así como no apartado primeiro do presente acordo, a J. Rouco Velasco con DNI:***6787**, na súa condición de aspirante incorporada en lista, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.*

TERCEIRO: *Dispoñer que a xornada laboral do efectivo nomeado desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.*

CUARTO: *Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, Xefatura do Servizo CEDRO, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.*

SEXTO.- *Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(69).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE CINCO AUXILIARES DE ADMÓN. XERAL CON CARGO A PRAZAS VACANTES DA OEP 2014-2015-2016 E CREACIÓN DUNHA BOLSA/LISTA DE RESERVA. EXPTE.39013/220.

Visto o informe de fiscalización do 31/01/2022, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Admón. Xeral (Resolución do 27/01/2022) e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

I.- Antecedentes :

1.- En sesión de data 20/12/2021, segundo consta en acta, o órgano de selección designado para o proceso selectivo tendente á provisión de 5 prazas de auxiliar de Administración Xeral, persoal funcionario de carreira, subgrupo C2 de titulación (quenda libre, das cales 1 estaba reservada para persoas con discapacidade) incluídas na Oferta de Emprego Público 2016, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento como funcionarios/as de carreira con cargo ás prazas vacantes da categoría indicada ás seguintes persoas aspirantes que

superaron a totalidade dos exercicios do proceso selectivo, acadando as máximas puntuacións segundo as táboas seguintes:

TÁBOA 1- QUENDA LIBRE ORDINARIA

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓNS TOTAIS
JORGE ALVAREZ	M.	***2564**	30,925
PÉREZ LORENZO	N.	***3764**	29,021
ARTIAGA MOLARES	C.	***9570**	28,833
RODRIGUEZ MIGUE- LEZ	S.	***8562**	27,770

TÁBOA 2.- QUENDA LIBRE
RESERVA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
MINIÑO VALVERDE	M. C.	***7646**	26,802

2.- A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 21/12/2021.

3.- As persoas aspirantes propostas presentaron a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases, segundo informe de verificación técnica obrante no expediente.

4.- Segundo informe técnico que obra no expediente, 3 das 5 prazas vacantes de auxiliar ofertadas atópanse cubertas interinamente, en atención ás necesidades dos servizos, segundo os acordos adoptados nos expedientes seguintes:

- Acordo da Xunta de Goberno Local de data 25/05/2018 (expediente nº 31.582/220)
- Acordo da Xunta de Goberno Local de data 09/04/2020 (expediente nº 35.632/220)
- Acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/05/2021 (expediente nº 37.321/220)

Á vista do cal en en cumprimento da normativa vixente, así como das condicións establecidas nos propios acordos de nomeamento, procede o cese do persoal funcionario interino seguinte:

- D^a. B. LIJÓ RODRÍGUEZ, con DNI ***2375**, con toma de posesión o 01/06/2018,



Concello de Vigo

- D^a. A. RODRÍGUEZ CALVEIRO, con DNI ***7366**, con toma de posesión o 13/04/2020
- D. C. CASALINI GUTIÉRREZ, con DNI ***5308**, con toma de posesión o 18/05/2021

5.- Consta informe de fiscalización previa favorable incorporado ao expediente (trámite 88).

II.- Motivación xurídica: marco normativo de acceso ao emprego público e aspectos relacionados

a) Normativa de aplicación

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Fun-

ción Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentencia foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

b) Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *“son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”, estableciendo que “en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.*
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.*
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.*
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.*



Concello de Vigo

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase expresamente nas bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas na Oferta de Emprego Público 2016, dispoñibles para pública consulta na web municipal www.vigo.org e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.

III.- Sobre a posibilidade de conformación de listas de reserva

A posibilidade de integración das persoas aspirantes que tendo superado a totalidade dos exercicios do proceso selectivo non tivesen obtido praza contéplase expresamente no apartado de “Outras disposicións comúns” das bases da convocatoria, indicando que “as/os candidatas/as que no tendo superado o proceso selectivo aprobasen todas as probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos ou escalas, formarán parte dunha lista de substitucións para os efectos de poder seren nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral respectivamente, nos termos do establecido nos criterios de xestión da listas de reserva do Concello de Vigo vixentes, e normativa de concordante aplicación”.

Tendo sido realizada polo órgano de selección proposta de aspirantes aprobados, ordenados en función da puntuación final obtida de maior a menor -orde descendente-.

Debe considerarse que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 16 de xullo de 2021, adoptou acordo de aprobación dos “criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego no Concello de Vigo”, publicados no BOP nº 151, de 09/08/2021, no que se establece, entre outros, que:

“Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no marco normativo de aplicación.

As referidas listas deberán ser conformadas por regra xeral polo sistema de oposición libre. Con carácter excepcional, en determinadas categorías da Administración especial nas que exista escaseza de perfís e dificultade de selección, poderán tamén conformarse por concurso-oposición ou concurso de méritos.

As listas de reserva derivadas da execución das OEP, terán carácter preferente sobre as derivadas de procesos selectivos executados para a selección de funcionarios interinos que se executen fora das OEP.”

IV.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada

partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

V.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

VI. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excm. Alcaldía de 16/04/2021 e por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021.

VII.- PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Cesar como persoal funcionario interino, e con efectos do día anterior ao da toma de posesión das persoas nomeadas funcionarias de carreira con cargo ás prazas vacantes de auxiliar de administración xeral correspondentes á Oferta de Emprego Público 2016, ás persoas seguintes:



Concello de Vigo

- D^a. B. LIJÓ RODRÍGUEZ, con DNI ***2375**
- D^a. A. RODRÍGUEZ CALVEIRO, con DNI ***7366**
- D. C. CASALINI GUTIÉRREZ, con DNI ***5308**.

SEGUNDO.- Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo ás 5 prazas vacantes ofertadas na Oferta de Emprego Público 2016 de auxiliar de Administración Xeral, pola quenda libre, unha delas reservada a persoas con discapacidade, ás seguintes persoas aspirantes que superaron todos os exercicios da oposición e obtiveron a maior puntuación segundo acta do órgano de selección de data 20/12/2021:

TÁBOA 1- QUENDA LIBRE ORDINARIA

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓNS TOTAIS
JORGE ALVAREZ	M.	***2564**	30,925
PÉREZ LORENZO	N.	***3764**	29,021
ARTIAGA MOLARES	C.	***9570**	28,833
RODRIGUEZ MIGUELEZ	S.	***8562**	27,770

TÁBOA 2.- QUENDA LIBRE
RESERVA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
MINIÑO VALVERDE	M. C.	***7646**	26,802

TERCEIRO.- Dispoñer que as persoas nomeadas deberán tomar posesión como funcionarias de carreira nas ditas prazas no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais reitoras da convocatoria.

CUARTO.- Aprobar a bolsa de emprego de auxiliares de Administración xeral, que inclúe ás persoas aspirantes en condicións de ser nomeadas funcionarias interinas, segundo o previsto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do TREBEP e nos termos da proposta contida na acta do Órgano de Selección que forma parte inseparable do citado acordo, e táboa seguinte:

TÁBOA 3.- LISTADO DE ASPIRANTES EN LISTA DE RESERVA
AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL
OEP 2016

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	VIEIRA PARADA	A. B.	***3435**
2	ENTENZA GARCÍA	T.	***1030**

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
3	OLMOS PITA	L.	***4551**
4	CAMPOS RIVAS	L.	***9657**
5	GONZÁLEZ SÁNCHEZ	I.	***5156**
6	CARIDE NIMES	B. M.	***0155**
7	RODRÍGUEZ MARTÍNEZ	G.	***5234**
8	LORENZO VAZQUEZ	J.	***3131**
9	NÚÑEZ ABOY	N. M.	***8401**
10	SOTO PÉREZ	M. M.	***9332**
11	GONZÁLEZ ARIAS	O.	***6293**
12	GARCÍA MÁRQUEZ	P.	***6040**
13	PEROY PEREIRA	S. D.	***3967**
14	CARRERA GÓMEZ	L.	***6037**
15	IGLESIAS LORES	J. R.	***6162**
16	LAMAS MARTÍNEZ	M.	***8251**
17	FERNÁNDEZ IGLESIAS	B. A.	***5354**
18	COSTAS SOUSA	M.	***8805**
19	GARCÍA VILLASANTE	J. M.	***5128**
20	DÍAZ SIXTO	M. B.	***4794**
21	VIEITES RÚA	M.	***1392**
22	SOTO HERMIDA	J. M.	***0646**
23	LIJÓ RODRÍGUEZ	B.	***2375**
24	DOPICO FURELOS	D.	***1338**
25	REY SIERRA	A.	***5398**
26	CID RODRÍGUEZ	M.	***4579**
27	FIDALGO MÉNDEZ	S.	***0717**
28	ALONSO OTERO	M. C.	***1454**

QUINTO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

SEXTO.- Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(70).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN MARCO PARA FUNCIONAMENTO DURANTE O EXERCICIO 2022. EXPTE. 3166/341.

Visto o informe xurídico do 24/01/2022 e o informe de fiscalización do 27/01/2022, dáse conta do informe-proposta do 21/01/2022, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 13 de xaneiro de 2022 a Fundación Marco presenta a través da Sede Electrónica do Concello de Vigo a solicitude, subscrita polo seu director, de transferencia de financiamento para 2022, por importe de 675.000,00 €, e que se aprobe o calendario de pagamentos, achegando a documentación correspondente.

Neste exercicio económico, a achega económica do Concello de Vigo á Fundación Marco para o financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondente a 2022 é de **675.000,00 €**, con cargo á partida 3330.489.00.03 “Fundación Marco”, incluída no presuposto de 2022 do Concello de Vigo, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal con data 22 de decembro de 2021.

ANTECEDENTES.-

No pasado exercicio económico, a achega económica do Concello de Vigo á Fundación Marco (Museo de Arte Contemporánea de Vigo) xestionouse a través dunha transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondente a 2021 por importe de 605.000 €, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 5 de marzo de 2021 (expediente 2937-341). Esta fórmula de financiamento substituíu á de subvención nominativa, que viña aplicándose ata o exercicio económico 2015, segundo os diversos informes do Servizo de Fiscalización conformados polo Interventor Xeral, de datas 18 de marzo de 2016, 20 de xaneiro de 2017 e sucesivos.

Dos anteriores informes do Servizo de Fiscalización, fundamentados con amplitude en moi diversas normas legais de aplicación, extráense as seguintes referencias que serían aplicables ao exercicio económico de 2022:

- O obxecto do expediente correspóndese con materia de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2 m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2.n), actividades culturais, da Lei 5/1997, da administración local de Galicia.
- A Lei Xeral de Subvencións establece que non están comprendidas no seu ámbito de aplicación as achegas dinerarias entre diferentes Administracións Públicas e entre distintos axentes dunha Administración.

- Forman parte do Sector Público Estatal aos efectos da Lei Xeral Orzamentaria as fundacións do sector Público estatal, definidas na Lei de Fundacións.
- Os axentes da Lei Xeral de Subvencións son os previstos para o ámbito estatal na Lei Xeral Orzamentaria, que deben servir de referencia respecto ao ámbito local.
- A Fundación Marco é unha fundación declarada de interese galego á que lle resulta de aplicación a Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico.
- A Fundación Marco reúne as circunstancias necesaria para ser considerada fundación do sector público, xa que en 2022 ten previsto financiarse nun 71,92% polo Concello de Vigo (a través dunha transferencia de financiamento), pola Xunta de Galicia nun 10,66% e polo Ministerio de Cultura nun 5,33%, pola Deputación de Pontevedra nun 6,39% e patrocinios, ingresos propios e outros: 5,70%; ademais que o Concello e as outras administracións posúen a práctica totalidade dos membros dos seus órganos de goberno e representación.

As conclusións principais sobre os informes da Intervención Xeral de 2016 a 2021 tamén aplicables a 2022, son:

- A achega que realiza o Concello de Vigo á Fundación Marco é unha transferencia de financiamento non suxeita a Lei Xeral de Subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos.
- A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal (excluída totalmente do réxime subvencional) e actividade da Fundación Marco debe realizarse pola Intervención Xeral.
- Debe procederse á publicación da achega municipal no Portal de Transparencia do Concello, de acordo doa Lei 19/2013.

O Secretario da Administración municipal, no seu informe do 29 de febreiro de 2016, sobre a transferencia de financiamento á Fundación Marco daquel exercicio, realiza a seguinte formulación que se considera extrapolable a outros casos de financiamento incluídos no programa presupostario 3330 (Fundación Liste e Fundación Laxeiro): “podería adecuarse en futuros orzamentos a súa consideración como transferencia de financiamento e completarse nas correspondentes bases de execución deses orzamentos coa normativa á que deberá suxeitarse a citada transferencia, con indicación de periodicidade das achegas, e especial consideración á necesidade de ser fiscalizada previamente ao ser outorgadas e a de ser sometidas a control posterior pola Intervención Xeral”.

As bases de execución do presuposto non establecen ningunha normativa á que deba suxeitarse as transferencias de financiamento, si ben corresponde á Intervención Xeral a capacidade fiscalizadora do financiamento, previa e posterior. Nos exercicios anteriores o Servizo de Museos só establecía a periodicidade dos pagamentos da transferencia de financiamento que coincidía coa solicitada pola Fundación Marco.

Con data 21 de xuño de 2019 o Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentario xunto co Concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda subscriben a instrución sobre “Cumprimento dos prazos de pagamento”, expediente 104/143 que afecta ao MARCO, como fundación que forma parte do perímetro de consolidación do Grupo do Concello de Vigo, da que resulta:

- As entregas a conta faranse a principio de cada trimestre e a achega dos xustificantes pola Fundación MARCO achegarase con carácter previo aos seguintes anticipos, debendo facerse o correspondente ao 4º trimestre dentro do ano natural.



Concello de Vigo

- O acordo de financiamento para o ano (n) deberá estar aprobado antes do remate do ano (n-1), e as entregas a conta, faranse dentro dos 10 primeiros días do trimestre; polo que compre:
 - adaptar os prazos de pagamento da futura transferencia de financiamento, ao calendario indicado na instrución,
 - ter recibido no Concello de Vigo a información relativa aos períodos medios de pagamento mensual en relación coa débeda comercial e os xustificantes correspondentes, con carácter previo ao anticipo;
 - que a solicitude da Fundación MARCO, sobre transferencia de financiamento do programa e presuposto de 2022, deba presentarse nos primeiros días do mes de decembro do ano en curso (co presuposto e programa aprobado polo Padroado); xa que, como indica a instrución, o acordo de financiamento deba estar aprobado antes do remate do ano a financiar e a primeira entrega a conta faranse dentro dos 10 primeiros días do trimestre (neste caso tralo acordo Xunta de Goberno Local), unha segunda achega antes do 10 de abril de 2022, unha terceira achega, antes do 10 de xullo de 2022, e unha cuarta achega, antes do 10 de outubro de 2022.

Con data 19 de novembro de 2021 foi comunicada ao MARCO a citada instrución para adaptar o calendario de pagos á mesma (entregas a conta ao principio de cada trimestre e achega previa de xustificantes).

FUNDACIÓN MARCO.-

O Pleno do Concello de Vigo do 29 de xullo de 2002, por unanimidade, acordou a súa participación na Fundación Marco, como entidade fundadora e aprobar os Estatutos da Fundación. Con data 22 de outubro de 2002, constitúese a Fundación Marco, CIF G36909885, na Casa do Concello de Vigo, en escritura pública diante do notario Mariano Vaqueiro Rumbao, protocolo num 2.100. Nos estatutos aprobados polo Pleno do Concello e na acta de constitución da Fundación Marco figuran como entidades fundadoras o Concello de Vigo, Caixanova, a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra.

A Fundación Marco está dedicada á realización de actividades culturais de investigación, educación, formación, conservación, exhibición e difusión da arte e da cultura contemporáneas, con particular atención á produción artística da Comunidade Galega, así como a estatal e internacional, mediante a adquisición, a conservación, o estudo, a exposición e interpretación educativa de obras de arte contemporánea, ao tempo que deberá impulsar a estimulación da sensibilidade da sociedade cara á cultura actual.

Con data 5 de xaneiro de 2006 protocolízase en escritura notarial (Núm. 19; Notario: Mariano Vaqueiro Rumbao) a incorporación ao Padroado da Fundación Marco *“Un vocal (1) designado polo Ministerio de Cultura da Administración Xeral do Estado en atención ao seu compromiso estable coa Fundación e en función da súa achega.”*; derivado do acordo do Padroado de data 20 de decembro de 2005.

A Deputación provincial de Pontevedra, entidade cofundadora da Fundación Marco, con data 21 de decembro de 2011 dera por concluídos os compromisos adquiridos con diversas Fundacións e Organismos, entre os que se incluía a Fundación Marco, deixando de pertencer como membro dos mesmos e de participar no seu financiamento cunha achega fixa

anual, todo iso, sen prexuízo de que puidera colaborar con eles mediante achegas puntuais, segundo o permitan as necesidades económicas.

Novacaixagalicia (antes Caixanova, entidade cofundadora da Fundación Marco) comunicou á Fundación Marco, en escrito do 31 de xaneiro de 2012 a súa renuncia á posibilidade de seguir colaborando coa Fundación e rescindindo o compromiso asumido, eximindo “á Caixa” da necesidade de realizar unha achega económica correspondente á súa cota patronal.

O Padroado da Fundación Marco na sesión 25 de outubro de 2018 acordou aprobar os Estatutos Consolidados da Fundación e prodúcese a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego por resolución do 11 de marzo de 2019.

Declaracións de interese cultural e interese galego.

A Fundación Marco, foi clasificada de interese cultural, por Orde de 13 de decembro de 2002, da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública (DOG núm 2, do 3 de xaneiro de 2003); e foi declarada de interese galego e inscrita no Rexistro de Fundacións por Orde de 15 de xaneiro de 2003 da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo (DOG núm 24, do 4 de febreiro de 2003).

Composición actual do Padroado da Fundación Marco.-

Presidente.- Abel Caballero Álvarez, Alcalde do Concello de Vigo.

Vicepresidente.- Abel Losada Álvarez, concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego do Concello de Vigo.

Vogais.- Jaime Aneiros Pereira, M^a Carmen Lago Barreiro, M^a José Caride Estévez, Teresa Egerique Mosquera, Oriana Méndez Fuentes, Cayetano Rodríguez Escudero, Nuria Rodríguez Rodríguez (Concello de Vigo), Anxo Manuel Lorenzo Suárez (Xunta de Galicia) e Mercedes Roldán Sánchez (Ministerio de Cultura y Deporte).

Vogal de honra.- Carlota Álvarez Basso.

Secretario.- José Riesgo Boluda.

Os representantes do Concello de Vigo foron designados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de setembro de 2019 e como consecuencia da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 26 de maio de 2019.

SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO.-

A Fundación Marco ten achegado a seguinte documentación para a transferencia de financiamento para funcionamento do exercicio 2022 do Museo de Arte Contemporánea de Vigo:

- Solicitud de transferencia de financiamento do Concello de Vigo por importe de 675.000,00 € presentada no Rexistro Xeral do 13 de xaneiro de 2022 xunto coa seguinte documentación:
 - Orzamento de ingresos e gastos do exercicio 2022, co detalle dos gastos dos principais proxectos e partidas.
 - Programación completa de exposicións para o exercicio 2022.
 - Certificacións e declaracións.- No expediente inclúense copias vixentes das seguintes:
 - Certificación da AEAT, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.



Concello de Vigo

- Certificación da Axencia Tributaria de Galicia-Consellería de Facenda de non ter débedas pendentes en período executivo non aprazadas, fraccionadas ou cuxa execución estivese suspendida.
- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social de non ter pendente de ingreso ningunha reclamación por débedas xa vencidas coa Seguridade Social.
- O Certificación do Concello de Vigo de non ter débedas ou sanción de natureza tributaria co Concello na vía de constrinximento, atópase no Servizo de Museos.

ORZAMENTO 2022 DA FUNDACIÓN MARCO.-

Na documentación achegada pola Fundación Marco inclúese a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2022, que ascende a un total de **938.500,00 €**. As achegas das entidades fundadoras e integradas no Padroado para o ano 2022 que detallan son as seguintes:

➤ Concello de Vigo	675.000,00 € (71,92%);
➤ Xunta de Galicia	100.000,00 € (10,66%);
➤ Ministerio de Cultura e Deporte	50.000,00 € (5,33%);
➤ Deputación Pontevedra	60.000,00 € (6,39 %)
➤ Ingresos Patrocinios	10.000,00€ (1,07%);
➤ Ingresos actividades propias (cursos, alugueres, catálogos,...)	33.000,00 € (3,52%);
➤ Amigos MARCO	10.500,00 € (1,12%).

A previsión da distribución do gasto establécese nos seguintes grupos:

1. Persoal:	313.604,00 € (33,42%);
2. Gastos xerais (e extraordinarios):	432.541,00 € (46,09%);
3. Exposicións e actividades :	155.315,00€ (16,55%);
4. Gastos financeiros:	1.500,00 € (0,16%);
5. Outros (Amortizacións....):	35.539,00€ (3,79%).

A comparación entre a previsión de presuposto de orzamento de 2022 e do orzamento de 2021 presenta as seguintes variacións:

INGRESOS	ORZAMENTO 2021	ORZAMENTO 2022
Achegas institucións:		
Concello de Vigo	650.000	675.000
Xunta de Galicia	100.000	100.000
Ministerio de Cultura	35.000	50.000
Deputación de Pontevedra	50.000	60.000
	835.000	885.000
Outros ingresos:		
Ingresos Patrocinios	10.000	10.000

Ingresos actividades propias	37.640	32.000
Amigos MARCO	10.450	10.500
Catálogos	3.000	1.000
	61.090	53.500
TOTAL INGRESOS	896.090	938.500

GASTOS	2021	2022
Persoal	296.326	313.604
Gastos Xerais+Extraordinarios	365.628	432.541
Exposicións	133.412	133.066
Actividades	25.734	22.250
Gastos financeiros	1.500	1.500
Amortizacións, recuperación fondos propios	73.490	35.539
TOTAL GASTOS	896.090	938.500

VARIACIÓN PORCENTAJES 2021-2022.-

Considerando as porcentaxes de participación das entidades e tipos de achegas, entre a previsión do orzamento total de 2022 e a estimación do orzamento total de 2021 (tomando os datos facilitados polo MARCO), presenta as seguintes variacións:

INGRESOS.-

	<u>2021</u>	<u>2022</u>	<u>Dif. 2022-2021</u>
➤ Concello de Vigo	72,54%	71,92%	-0,62
➤ Xunta de Galicia	11,16%	10,66%	-0,50
➤ Ministerio de Cultura	3,91%	5,33%	+1,42
➤ Deputación Pontevedra	5,58%	6,39%	+0,81
➤ Ingresos patrocinios	1,12%	1,07%	-0,05
➤ Ingresos activs. Propias	4,45%	3,52%	-0,93
➤ Amigos MARCO	1,17%	1,12%	-0,05

GASTOS.-

A previsión da distribución do gasto establécese nos seguintes grupos:

	<u>2021</u>	<u>2022</u>	<u>Dif. 2022-2021</u>
1. Persoal:	33,07%	33,42%	+0,35
2. Gastos xerais:	40,80%	46,09%	+5,29
3. Actividades (expos., activ., etc.):	17,76%	16,55%	-1,21
4. Gastos financeiros:	0,17%	0,16%	-0,01
5. Amortizacións:	8,20%	3,79%	-4,41

XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FUNDACIÓN MARCO



Concello de Vigo

Ata 2015 o desenvolvemento das subvencións nominativas outorgadas pola Xunta de Goberno Local á Fundación Marco víñanse regulando, de acordo co establecido no art. 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, establecéndose no propio acordo de concesión a regulación das condicións e obrigas (ao igual que no caso da Fundación Laxeiro; con convenio regulador no caso da Fundación Liste). Nesta situación, de tramitación das achegas municipais como subvencións nominativas, a concellería-delegada da Área de Cultura dispoñía da información detallada sobre o funcionamento e actividade destes centros, a través da documentación xustificativa que se presentaban.

Como, actualmente, a achega municipal á Fundación Marco vai resultar unha transferencia de financiamento, que controlará posteriormente a Intervención Xeral, cumpriría establecer unhas normas de colaboración (antes recollidas nas obrigas do acordo de concesión das subvencións nominativas) que permitan á Concellería-delegada da Área de Cultura seguir coñecendo o funcionamento do centro, as súas actividades e proxección; desta forma, con independencia dos controles financeiros e de fiscalización que realice a Intervención Xeral, concretaríase o cumprimento da competencia-delegada de xestionar a colaboración coa citada fundación financiada pola Administración Local.

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 18 e 26 de xuño de 2019 e 17 de agosto de 2020, establece no Concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, entre outras, a seguinte: “e) *en materia de museos: (...) 4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados.*”

Coas conformidades do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego, e concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tras o informe xurídico e da Intervención Municipal, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.-

1.- *Transferir á Fundación Marco, CIF: G36909885, un importe de **675.000,00 €** (seiscentos setenta e cinco mil euros) en concepto de transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2022, de acordo co seguinte calendario, derivado da instrución do 21 de xuño de 2019 (expediente 104/143) do Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentario xunto co Concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda sobre “Cumprimento dos prazos de pagamento”, que afecta ao MARCO, como fundación que forma parte do perímetro de consolidación do Grupo do Concello de Vigo:*

- ◆ *Unha primeira entrega a conta tralo acordo Xunta de Goberno Local, por importe de 168.750,00 € (25% do importe concedido).*
- ◆ *Unha segunda entrega a conta antes do 10 de abril de 2022, por importe de 168.750,00 € (25% do importe concedido).*
- ◆ *Unha terceira achega, antes do 10 de xullo de 2022, por importe de 168.750,00 € (25% do importe concedido).*

- ◆ *Unha cuarta achega, antes do 10 de outubro de 2022, por importe de 168.750,00 € (25% do importe concedido).*

As entregas a conta faranse a principio de cada trimestre e a achega dos xustificantes pola Fundación MARCO realizarase con carácter previo aos anticipos e, en xeral, adaptaranse á citada instrución do 21 de xuño de 2019 (expediente 104/143).

2.- *A transferencia de financiamento poderá financiarse con cargo á partida 3330.489.00.03 "Fundación Marco", que figura no orzamento de 2022 do Concello de Vigo.*

3.- *A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente cos seus servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puidera contratar.*

SEGUNDO.-

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 18 e 26 de xuño de 2019 e 17 de agosto de 2020, establece no Concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego, entre outras, a seguinte: "e) *en materia de museos: (...) 4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados.*"

Co obxecto de xestionar a colaboración do Concello de Vigo coa Fundación Marco, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da cesión do uso do edificio, establécense as seguintes normas e compromisos da Fundación Marco:

PRIMEIRA.-

O pleno do Concello de Vigo do 29 de xullo de 2002 acordara participar na Fundación Marco como entidade fundadora e achegarlle determinadas contías para financiamento de gastos derivados do seu funcionamento.

SEGUNDA.-

Na documentación achegada pola Fundación Marco inclúese a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2022, que ascende a un total de **938.500,00 €**. A previsión de ingresos quedará do seguinte xeito:

➤ Concello de Vigo	675.000,00 € (71,92%);
➤ Xunta de Galicia	100.000,00 € (10,66%);
➤ Ministerio de Cultura e Deporte	50.000,00 € (5,33%);
➤ Deputación Pontevedra	60.000,00 € (6,39 %)
➤ Ingresos Patrocinios	10.000,00€ (1,07%);
➤ Ingresos actividades propias (cursos, alugueres, catálogos,...)	33.000,00 € (3,52%);
➤ Amigos MARCO	10.500,00 € (1,12%).

- A previsión da distribución do gasto establécese nos seguintes grupos:



Concello de Vigo

➤ Persoal:	313.604,00 € (33,42%);
➤ Gastos xerais (e extraordinarios):	432.541,00 € (46,09%);
➤ Exposicións e actividades :	155.315,00€ (16,55%);
➤ Gastos financeiros:	1.500,00 € (0,16%);
➤ Outros (Amortizacións...):	35.539,00€ (3,79%).

TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN MARCO.-

1. Cumprir e organizar o programa aprobado polo seu Padroado, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos ou xestións derivadas da actividade e funcionamento, diferentes á transferencia de financiamento ou partidas que consten nos presupostos municipais a favor do MARCO e que aprobe a Xunta de Goberno Local ou órgano de goberno competente.
2. Responsabilizarse da organización integral da programación realizada pola Fundación Marco, como entidade titular e responsable de todas as actividades, servizos e funcionamento subvencionados.
3. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo e comunicarlle as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa ao financiamento municipal.
4. Colaborar co Concello de Vigo, coa participación da Fundación Marco, na Rede Museística e Expositiva promovida pola administración municipal.
5. Comunicar ao Concello de Vigo as modificacións dos programas aprobados ou en fase de realización, en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, servizos e funcionamento.

CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento das actividades da Fundación Marco e colaborar na súa viabilidade.
2. Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento; de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local.

QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA COLABORACIÓN. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da colaboración coa Fundación Marco é o servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo, ao que a Fundación Marco informará sobre o desenvolvemento das súas actividades e funcionamento.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento do proxecto de actividades.

SEXTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

A Fundación Marco adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu funcionamento xeral; incorporando esta publicidade, de forma particular, nos propios centros, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, etc., procurando previamente a conformidade da Concellería-delegada da Área de Cultura.

A Fundación Marco asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo ao Museo, como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concellería-delegada da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao servizo de Museos Municipais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias ao Marco (ou á Fundación), aos servizos, actividades, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto anual financiado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura e Emprego.

A Fundación Marco comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa financiado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos específicos coa concellería de Cultura e Emprego, para que os elementos sexan financiáveis.

SÉTIMA.- INFORMACIÓN SOBRE ACTIVIDADE E FUNCIONAMENTO DA FUNDACIÓN MARCO.-

A Fundación Marco achegará á concellería-delegada da Área de Cultura e Emprego do Concello, para o seu coñecemento, información e documentación sobre as súas actividades e funcionamento, sen prexuízo do control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA FUNDACIÓN MARCO AO CONCELLO.-



Concello de Vigo

- a) Informes trimestrais sobre actividades realizadas, con datos e detalles sobre participantes, e sobre funcionamento da Fundación Marco; que se achegarán nos dez primeiros días naturais do trimestre seguinte ao do período do informe.
- b) Relación de ingresos e gastos do período trimestral correspondente, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento da Fundación Marco, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
- c) Acreditación de ter entregado ao servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente esta circunstancia. Se algunha actividade dispuxera de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas á Fundación Marco, o Museo achegará un mínimo de catro exemplares ao servizo de Museos Municipais do Concello.
- d) Copias das convocatorias e actas do Padroado da Fundación Marco.
- e) Documentación sobre os asuntos a tratar nas sesións do Padroado dirixida ao Concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego con antelación á súa realización.
- f) Gastos de persoal, xustificadas cos contratos de traballo (copias compulsadas e nas sucesivas memorias trimestrais, senón houbera cambios, unha declaración da dirección ou presidencia neste sentido; de habelos, achegaríanse as novas copias compulsadas dos contratos), as nóminas e os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2).
- g) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Marco de cada exercicio, nos dez primeiros días naturais despois do remate da anualidade, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos e documentos:
 - Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).
 - Memoria de prensa.
 - Memoria económica, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.

A Fundación Marco deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería-delegada de Cultura e Emprego, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das transferencias de financiamento.

A Fundación Marco deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do servizo de Museos Municipais a tramitación e obtención, no seu caso, doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza.

OITAVA.-

Ao tratarse a Fundación Marco de Vigo dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telematicamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación

Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.

Así mesmo con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.

Por último, para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro con carácter trimestral queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Por último a Fundación ten a obriga da de dar cumprimento mensualmente a publicación dos datos do período medio de pago a provedores en cumprimento do establecido polo Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(71).- ASISTENCIA, EN COMISIÓN DE SERVIZO, DE MARTA NÚÑEZ ABOY Á FEIRA EUROPEA DE TEATRO PARA NENOS E NENAS FETEN 2022. EXPTE. 4256/330.

Visto o informe xurídico do 18/01/2022 e o informe de fiscalización do 26/01/2022, dáse conta do informe-proposta do 01/01/2022, asinado pola técnica medio de actividades culturais e educativas, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

O concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Abel Fermín Losada Álvarez, resolveu que pola Área de Cultura se iniciase o expediente necesario para encomendar á funcionaria Marta Núñez Aboy a asistencia en Comisión de Servizo á Feira Europea de Teatro para Nenos e Nenas Feten 2020, que terá lugar en Xixón entre os días 12 ao 18 de febreiro de 2022.

A citada funcionaria, técnica media de actividades culturais e educativas, ven desempeñando funcións de programación de música, teatro e danza que desenvolve ao longo do ano a Área de Cultura, así como a programación estable de artes escénicas que se desenvolve no Auditorio Municipal. Como consecuencia deste feito, a citada funcionaria realiza funcións de xestión da programación de artes escénicas relacionadas directamente coa feira á que se lle encomenda a citada comisión de servizo e que terá lugar en Xixón, entre os días 12 e 18 de



Concello de Vigo

febreiro de 2022. Ao finalizar o venres 18 de febreiro pola noite, autorízase o regreso ao día seguinte da finalización da feira, o sábado 19 de febreiro.

Ao non tratarse dun curso, encontro ou foro que se poida considerar como formación, senón dunha feira na que se visualizan ofertas de artes escénicas co obxectivo de realizar a posterior programación do servizo de Cultura, debería considerarse como unha viaxe oficial en comisión de servizo.

Estímanse pois uns gastos máximos que se xustificarán posteriormente e que previsiblemente serán inferiores que os estimados no presente informe, tal e como se establece no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, para o grupo 2 no que se atopa a funcionaria:

- 243,10 € en concepto de 6 dietas e media de manutención.
- 395,82 € en concepto de 6 dietas de aloxamento.
- 450,00 € en concepto de gastos de transporte (gasoliña, posibles peaxes, parking, etc.).

As dietas se corresponden coa lexislación vixente correspondente aos grupos A2, ao que pertence a citada funcionaria.

Polo exposto, e coa conformidade do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e do concelleiro-delegado da Área de Cultura, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

1. Encomendar á funcionaria M N A, con nº de persoal 78436, a asistencia á Feira Europea de Teatro para nenos e nenas Feten 2022, que terá lugar en Xixón entre os días 12 e 18 de febreiro de 2022, en comisión de servizo por tratarse dunha viaxe oficial.
2. Autorizar a saída o día 12 de febreiro, anterior ás 10 horas e o regreso o día 19 de febreiro anterior ás 22 horas.
3. Autorizar a utilización de vehículo particular para realizar a viaxe e desplazamentos por Xixón.
4. Autorizar os seguintes gastos: 638,92 € en concepto de 6 dietas e media de manutención e 6 de aloxamento, con cargo á partida 3340.230.20.00 "dietas de personal" e 450,00 € en concepto de transporte e locomoción, con cargo á partida 3340.231.20.00 "locomoción do persoal non directivo".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(72).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE FORMACIÓN EN EMPRENDEMENTO MUSICAL. EXPTE. 9432/336.

Visto o informe xurídico de data 24/01/2022 e o informe de fiscalización do 26/01/2022, dáse conta do informe-proposta do 31/01/2022, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Con data 21 de abril incorporouse o informe proposta para a aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Paideia Galiza para a realización dun programa de formación en Emprendemento Musical, o cal foi asinado pola Concelleira Delegada o día 24 de abril.

Conta no expediente informe xurídico e de fiscalización.

Non obstante, antes de remitir o citado convenio á aprobación da Xunta de Goberno Local, foron detectados uns erros gramaticais no mesmo que compre corrixir, non afectando dita corrección ao contido do convenio.

Así onde di Fundación Paideia GALICIA, debe dicir Fundación Paideia Galiza, e no apartado 2.2, onde di nos casos previstos na cláusula 11.2., debe dicir cláusula 9.1, manténdose o resto do texto do convenio tal e como estaba.

Por todo elo achégase no presente informe o convenio modificado neses extremos antes mencionados.

Segundo a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local, establece no artigo primeiro apartado oito a redacción que terá o artigo 25, mantendo entre as competencias do municipio: "Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre" .

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa e, de conformidade co disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, atópase excluído do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo de aplicar os principios desta Lei para resolver dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependente o as Universidades públicas entre si o con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Aplicaranse igualmente os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector Público, para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse, ao amparo do disposto en os artigos 4 e 6.2 de devandita Lei.

O réxime xurídico aplicable ao mesmo é o establecido nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Ademais, é de aplicación a seguinte normativa:

- Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.
- Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986,



Concello de Vigo

de 13 de xuño.

Corresponderá a a Xurisdición Contencioso-Administrativa o coñecemento e resolución de cantas controversias pódase suscitar entre as partes en canto a efectos, interpretación, modificación, resolución ou cumprimento do convenio, sen prexuízo das funcións atribuídas a a Comisión de Seguimento.

Constitúe o obxecto do convenio de colaboración a cesión de uso gratuíta, por parte do concello de Vigo á Fundación Paideia, dos espazos, infraestruturas e equipamentos do centro de usos múltiples VIGOSONICO, situ en Estrada do Portal s/n Valladares, Vigo.

O obxectivo xeral apóiase en dúas liñas de acción principais:

- IV. Desenvolvemento da actividade do COWORKING EOI-PAIDEIA (“ GO2 WORK FORMACIÓN EN EMPRENDEMENTO MUSICAL”).
- V. Celebración do DEMODAY derivado do Coworking en Industrias Musicais que actualmente leva a cabo a Fundación Paideia Galiza en colaboración coa Escola de Organización Industrial (EOI), dependente do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

A finalidade principal da colaboración entre as partes é desenvolver as actividades formativas e de integración socio-laboral, de interese para a cidade.

Sempre é unha máxima do Concello de Vigo recoñecer o labor realizado polas entidades sociais e movementos culturais, sociais, educativos, deportivos, etc., no desenvolvemento do municipio, trasladando e liderando todas aquelas iniciativas e suxestións nos temas do seu interese. É por dita razón, pola que sempre contribúe con iniciativas e propostas que considera de interese en beneficio da cidadanía, como son as actividades que pretende desenvolver a Fundación Paideia en colaboración con Escola de Organización Industrial (EOI) no centro de usos Vigosónico.

As accións e os proxectos contidos na proposta do Convenio están comandados pola vocación de servizo público favorecendo o emprendemento, atendendo ás necesidades e demandas sociais, analizando e interpretando as mesmas en clave sempre de oportunidades, de intervención e promoción de accións e a través dunha mirada integral, innovadora e interdisciplinar.

A participación neste Convenio de colaboración enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, que determina que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción da cultura e de ocupación de tempo libre”. O Concello de Vigo desexa dar o máximo rendemento social posible aos seus centros e instalacións culturais. Con esta finalidade, decide colaborar neste proxecto de formación e emprendemento no eido da industria musical, en colaboración coa Fundación Paideia Galiza,

con ampla experiencia na materia, por compartir os obxectivos de mellorar as habilidades e capacidades dos grupos e persoas, que contén cun proxecto musical e que precisan dunha formación específica para mellorar o éxito do emprendemento no sector concreto da industria musical.

Entre os obxectivos da Fundación encóntranse, tal e como se recolle no artigo 5 dos seus estatutos, a realización e promoción de actividades de interese educativo, cultural ou outros de análogo interese humano ou social.

A Fundación Paideia é unha institución privada sen ánimo de lucro que ten por misión promover a igualdade de oportunidades e favorecer o desenvolvemento persoal e social, mediante a creación de proxectos innovadores e sostibles. Na actualidade centra a súa actividade nos seguintes eixos de traballo: discapacidade e emprego; mocidade e mobilidade; emprendemento; desenvolvemento territorial; e formación e divulgación.

Para o cumprimento dos citados obxectivos a Fundación fomenta o emprendemento, tanto desde un modelo empresarial, como desde o apoio á creatividade artística ou musical, sen esquecer a cooperación no ámbito social, sempre coa mirada posta na creación de emprego e no desenvolvemento de proxectos innovadores que xeren impacto na sociedade.

Dentro do eixo de traballo “EMPRENDEMENTO” dirixido a favorecer o desenvolvemento de iniciativas empresariais, a FUNDACIÓN PAIDEIA ten subscrito un acordo de colaboración coa Escola de Organización Industrial (EOI) para o cofinanciamento de accións de formación en espazos Coworking co obxectivo de fomentar o emprendemento e aumentar o éxito de proxectos emprendedores nas temáticas prioritarias do sector artístico e cultural. Ademais, en cada edición do Coworking desenvólvense diversos eventos para facilitar o networking a través da organización de “DEMODAYS” nos que os emprendedores presenten os seus proxectos e o alcance dos mesmos.

O contido do programa a desenvolver concrétese nos seguintes bloques de formación:

BLOQUE 1

CONTEXTUALIZACIÓN.-

25/02 TALLER 1.1 Introducción. Status actual da industria musical.

04/03 TALLER 1.2 Management.

11/03 TALLER 1.3 Música en directo.

18/03 TALLER 1.4 Música gravada.

BLOQUE 2

MARKETING MUSICAL.-

25/03 TALLER 2.1 Gestión de datos y públicos.

01/04 TALLER 2.2 Estratexia e canles de promoción.

22/04 TALLER 2.3 Imaxen corporativa, identidade e branding.



Concello de Vigo

BLOQUE 3

LEXISLACIÓN E PROPIEDAD INTELECTUAL.-

29/04 TALLER 3.1 Xestión de Derechos de propiedade intelectual.

BLOQUE 4

PLAN DE NEGOCIO: METODOLOXÍA STARTUP.-

06/05 TALLER 4.1 Business Design 1. Desing Thinking, Stakeholders, Modelo Value Proposition.

13/05 TALLER 4.2 Business Design 2. Plan de negocio, axudas E subvencións específicas.

20/05 TALLER 4.3 Customer Development 1. Validación del problema y de la solución.

27/05 TALLER 4.4 Customer Development 2. Monetización nos novos medios.

03/06 TALLER 4.5 Xestión de patrocinio.

BLOQUE 5

A PRODUCCIÓN.-

10/06 TALLER 5.1 A produción artística e audiovisual.

17/06 TALLER 5.2 Organización de eventos.

DEMODAY (xuño)

PRESENTACIÓN FINAL DOS PROXECTOS

Trátase de crear un espazo de traballo destinado a emprendedores/as no ámbito da industria musical, co obxectivo de incrementar as probabilidades de éxito dos proxectos participantes de emprendedores musicais.

Pola súa parte, o Concello de Vigo, desenvolve importantes políticas activas de fomento do emprego e do emprendemento destinados a diversos colectivos, entre eles, os xóvenes.

VIGOSÓNICO, é, nese sentido, un espazo creado polo Concello de Vigo para a creatividade musical e destinado á busca de oportunidades que conta con salas de ensaio, cabinas de formación, estudo de gravación, zona de ocio, etc . O desenvolvemento deste proxecto de formación e apoio ao emprendemento é unha oportunidade para ir un paso máis aló no camiño da profesionalización e a saída ao mercado de grupos musicais emerxentes.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA O DESENVOLVEMENTO NA CIDADE DE VIGO DO PROGRAMA "COWORKING EOI-PAIDEIA" (VIGO-GO2WORK FORMACIÓN EN EMPRENDIMENTO MUSICAL) NO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES VIGOSÓNICO.

REUNIDOS

DUNHA PARTE, **DONA MARÍA DEL CARMEN LAGO BARREIRO**, na súa calidade de **Concelleira-delegada da área de Turismo e Xuventude do Concello de Vigo**, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno de data 20 de xuño e 4 de xullo de 2020, modificadas por resolución de 17 de agosto de 2020; con domicilio en Praza do Rei, nº 1, CP 36202, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron concedidas por razón do o seu cargo.

E DOUTRA, **DONA SANDRA ORTEGA MERA**, con D.N.I. nº 32791479B, actuando na súa condición de Presidenta, en nome e representación da **FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA**, con CIF nº G15798655, e domicilio en Praza de María Pita, número 17, 15001 A Coruña. En diante, a Fundación Paideia.

MANIFESTAN

I.- Que, a **FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA**, é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por obxecto, entre outros, a realización e promoción de actividades de interese educativo, cultural ou outros de análogo interese humano ou social.

Dentro do eixo de traballo “emprendemento” dirixido a favorecer o desenvolvemento de iniciativas empresariais, a **FUNDACIÓN PAIDEIA** ten subscrito un acordo de colaboración coa Escola de Organización Industrial (EOI) para a cofinanciación de accións de formación en espazos Coworking co obxectivo de fomentar o emprendemento e aumentar o éxito de proxectos emprendedores nas temáticas prioritarias do sector artístico e cultural. Ademais, en cada edición do Coworking desenvólvense diversos eventos para facilitar o networking a través da organización de “**DEMODAYS**” nos que os emprendedores presenta nos seus proxectos e o alcance dos mesmos.

II.- Que o **CONCELLO DE VIGO**, en desenvolvemento da lexislación de réxime local, como entidade pública local de carácter territorial asumiu competencias relativas a servizos culturais e de ocupación do tempo libre, materia na que o municipio poden asumir competencias a tenor do disposto nos artigos 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local e o artigo 80.2.n da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

III.- Que o **CONCELLO DE VIGO** dispón das instalacións adecuadas para o desenvolvemento “**COWORKING EOI-PAIDEIA (“VIGO-GO2WORK FORMACIÓN EN EMPRENDEMENTO MUSICAL”)**” como é o Centro de Usos Múltiples Vigosónico, sito en Estrada do Portal s/n Valadares, dotado espazos para a música compostos por : 5 salas de ensaio,3 salas de formación equipados con batería, mesa, amplificadores, e estudo de gravación coa correspondente sala de control, así como **ESPAZOS ABERTOS E**



Concello de Vigo

MULTIUSOS.

- Espazo de lectura e autoconsulta
- Sala de Informática: 12 computadores completamente equipados para a procura de información en internet, elaboración de documentos e traballos, edición vídeo, etc.
- Salón de actos multiusos
- Superficie versátil: 117 m²
- Equipamento e Mobiliario: 60 cadeiras, escenario móbil, proxector, pantalla (12 m²), mesa, lousa, etc.

III.- Con arranxo á colaboración da Fundación Paideia Galiza coa EOI, son necesarias a infraestrutura e o equipamento citado para o desenvolvemento da actividade do Coworking de emprendemento Musical e dun DEMODAY en distintas localizacións.

Que o Concello de Vigo, no exercicio desas competencias, está interesado en colaborar na execución do proxecto coa FUNDACIÓN PAIDEIA en apoio dos fins que esta persegue, facilitándolle a cesión de espazos e medios técnicos para posibilitar o desenvolvemento das actividades formativas propias do VIGO-GO2WORK FORMACIÓN EN emprendemento MUSICAL na cidade de Vigo así como para a celebración do VIGO-DEMODAY

Ao efecto as partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente e,

ACORDAN

PRIMEIRO: OBXECTO E FINALIDADE

Constitúe o obxecto do presente convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a FUNDACIÓN PAIDEIA-GALIZA o desenvolvemento na cidade de Vigo do programa "COWORKING EOI-PAIDEIA ("VIGO-GO2WORK FORMACIÓN EN EMPRENDEMENTO MUSICAL") e do "VIGO-DEMODAY", por ser unha actividade dirixida a emprendedores e emprendedoras non eido musical, sector que sempre foi moi destacable entre o colectivo xuvenil da cidade de Vigo.

SEGUNDO: COMPROMISOS DO CONCELLO DE VIGO NO DESENVOLVEMENTO DA COLABORACIÓN.

Con arranxo á referida colaboración, o CONCELLO DE VIGO comprométese a:

2.1. Respecto da dotación de espazos, infraestrutura e equipos necesarios para o desenvolvemento das actividades do VIGO-COWORKING:

- Ceder de forma gratuíta, durante a vixencia do convenio e segundo programación incorporada como anexo I, o uso dos espazos, a infraestrutura e equipos necesarios situados no centro municipal de usos múltiples VIGOSÓNICO á Fundación Paideia Galiza para o desenvolvemento das actividades vinculadas co programa Coworking, a tutorización dos proxectos empresariais que xurdan e espazos en común de

traballo para os participantes, e que se atopan detallados no apartado III do presente convenio e que forman parte do edificio de usos múltiples Vigosónico.

- Os espazos cedidos contan coas licenzas, permisos e autorizacións administrativas necesarias para a realización da actividade que neles se lleve a cabo, non sendo responsable en ningún caso a Fundación Paideia das responsabilidades que puidesen acontecer como consecuencia do incumprimento de tales obrigacións.
- O edificio reúne as condicións de salubridade e seguridade adecuadas para o desenvolvemento da actividade . Así mesmo, o Concello de Vigo que conta cunha póliza de seguro do edificio que se pon a disposición.
- O Concello e os participantes no coworking formalizarán á súa entrada o REGULAMENTO INTERNO DE USO DAS INSTALACIÓNS, que se incorpora como ANEXO I a este acordo. Conforme a iso, o Concello garante á Fundación Paideia Galiza que os espazos postos á súa disposición cumpren coas especificacións que se fan constar en devandito Anexo.
- Difundir a través dos seus medios a convocatoria do programa formativo (“GO2WORK FORMACIÓN EN emprendemento MUSICAL”): apertura do período de inscrición, seguimento das accións formativas, convocatoria e celebración do DEMODAY.

2.2. Respecto da celebración do VIGO-DEMODAY

- Incluír na axenda cultural do Concello de Vigo a celebración do VIGO-DEMODAY de referencia, así como os showcases que se programen no marco do mesmo, establecendo, de acordo coa Fundación Paideia Galiza unha data para o VIGO-DEMODAY como presentación final de proxectos, no centro de usos Vigosónico ou noutras instalacións que o Concello dispoña para tal fin.
- A cesión de espazos e medios técnicos necesarios para a celebración do VIGO-DEMODAY, máis backline básico para os showcases previstos.
- Difundir a través dos seus medios a celebración do VIGO-DEMODAY, para favorecer a asistencia e posteriormente, para dar a coñecer os proxectos participantes e as actividades realizadas.
- Adaptar datas ou espazo alternativo de similares características para o óptimo desenvolvemento do DEMODAY, nos casos previstos na cláusula 9.2.

TERCEIRO: COMPROMISOS DA FUNDACION PAIDEIA GALIZA NO DESENVOLVEMENTO DA COLABORACIÓN

A Fundación PAIDEIA GALIZA, entidade que colabora coa EOI para que esta poida desenvolver o COWORKING “GO2WORK FORMACIÓN EN EMPRENDEMENTO MUSICAL”, asume os seguintes compromisos:

- Velar polo axeitado desenvolvemento da actividade do COWORKING EOI-PAIDEIA



Concello de Vigo

(“VIGO-GO2WORK FORMACIÓN EN emprendemento MUSICAL”).

- Desenvolver o VIGO-DEMODAY, derivado do Coworking en Industrias Musicais en colaboración coa Escola de Organización Industrial (EOI).
- Coordinar a asistencia dos emprendedores culturais ás actividades obxecto da presente colaboración.
- Velar polo cumprimento das actuacións da empresa contratada pola EOI para a montaxe do VIGO-DEMODAY e pola execución do orzamento asignado pola EOI para o desenvolvemento do mesmo conforme ao procedemento establecido.
- Prestar o apoio necesario para levar a bo fin o desenvolvemento das actividades que se realicen no marco do VIGO-DEMODAY.
- Incorporar a imaxe corporativa do Concello de Vigo en todo o material publicitario e/ou divulgativo nas actividades que realicen vinculadas co desenvolvemento do VIGO-GO2WORK FORMACIÓN EN emprendemento MUSICAL e o VIGO-DEMODAY.
- Propor e acordar co Concello de Vigo a programación de actividades vinculadas co desenvolvemento do VIGO-GO2WORK FORMACIÓN EN EMPRENDEMENTO MUSICAL e o VIGO-DEMODAY.
- Dotar ao programa do persoal docente, técnico e de coordinación necesario para a súa óptimo desenvolvemento. Devandito persoal non terá ningunha relación laboral nin contractual co Concello de Vigo. Será a Fundación Paideia a responsable do cumprimento das obrigacións laborais establecidas polo marco xurídico actual.
- Empregar en toda a información e comunicacións vinculadas co programa obxecto do convenio a imaxe corporativa do Concello de Vigo.
- Confeccionar unha memoria final do programa e entregala ao Concello de Vigo.

CUARTO: COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

1. De conformidade co artigo 49 f) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, prevese a existencia dunha Comisión de coordinación e seguimento, que será presidida pola Concelleira-delegada da área de Turismo e Xuventude ou persoa en quen delegue e que estará composta por:

- Presidenta da Fundación Paideia Galiza, ou persoa en quen delegue.
- Dous representantes da Fundación Paideia Galiza.
- Concelleira-delegada de Turismo e Xuventude do Concello de Vigo ou persoa en

quen delegue.

- Tres técnicos/as municipais designados/as polo Concello de Vigo, como asesor/as , con voz pero sen voto.

2. Esta Comisión realizará, entre outras, as seguintes funcións:

- Reunirse cada vez que se solicite por algunha das partes.
- Supervisar o desenvolvemento e execución do Convenio.
- Resolver os problemas de interpretación e cumprimento que poidan exporse respecto do convenio.

O réxime de funcionamento da Comisión será o establecido nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

QUINTO: CONDICIÓN S DA CESIÓN DOS ESPAZOS E OS EQUIPAMENTOS.

A cesión de uso dos espazos someterase ás seguintes condicións:

- A Fundación Paideia deberá adoptar as medidas pertinentes para garantir a conservación, mantemento e demais actuacións que requiran o correcto uso e utilización do espazo obxecto de cesión.
- A Fundación Paideia responderá os danos que puidesen ocasionarse por un uso inadecuado das instalacións utilizados en virtude do presente Convenio, así como da responsabilidade civil derivada do uso dos mesmos e da actividade levada a cabo polo seu propio persoal nas instalacións do centro de uso múltiples.
- En todo caso, o persoal tanto da Fundación Paideia como da EOI, que realice o seu labor nos espazos e instalacións cedidas deberá estar asegurado de accidentes e saúde por parte de devandita fundación, quedando o Concello de Vigo libre de calquera responsabilidade por accidentes ou enfermidade que puidesen sufrir no centro de usos Múltiples do Concello de Vigo e das súas instalacións.
- Será por conta do Concello todos os gastos de mantemento que xere a ocupación dos espazos, de consumo de enerxía eléctrica, auga, calefacción, internet; así mesmo será por conta do Concello a limpeza e coidado das instalacións do centro de usos Vigosónico.
- Serán por conta da Fundación Paideia e da EOI os gastos do persoal contratado que empregue para o desenvolvemento da execución do proxecto no espazo obxecto de cesión, xa sexa fixo, eventual ou de calquera outro tipo, respecto do cal o Concello de Vigo é un terceiro, exento de toda responsabilidade laboral.



Concello de Vigo

- A Fundación Paideia coñece o estado e situación en que se atopa o espazo obxecto de cesión, que expresamente acepta e asume. Por outra banda, a Fundación Paideia, non poderá realizar obras que puidesen afectar á estrutura, seguridade e instalacións xerais do espazo, sen permiso municipal.
- En caso de tratamento de datos de carácter persoal, a Fundación Paideia deberá cumprir coas prevencións que establece o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

SEXTO: OBRIGACIÓNS E PROTOCOLOS RELACIONADOS COA CRISE SANITARIA POR COVID-19.

Ambas as partes garantirán en todo momento a adaptación da formación e dos espazos cedidos nos que aquela se desenvolve á normativa, condicións, medidas e requisitos esixidos en cada momento polas autoridades sanitarias e da administración autonómica.

A tales efectos, o Concello conta con PROTOCOLOS DE PROTECCIÓN FRONTE Á COVID-19 para o edificio que se incorporan ao presente convenio.

A Fundación Paideia velará en todo momento polo cumprimento de devandito protocolo e seguirá as indicacións da normativa aplicable e recomendacións esixidas en cada momento polas autoridades sanitarias, tanto para a actividade como para a instalación e usuarios/as da mesma.

SÉTIMO: ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN.

O desenvolvemento do programa realizarase desde o 25 de febreiro de 2022 abarcando un total de 100h de formación dirixidas a 21 proxectos (máximo 3 alumnos /proxecto), a desenvolver os venres e sábados, nas franxas horarias seguintes:

- Venres de 16:00 a 20:00 horas.
- Sábados de 10:00 a 14:00 horas.

O desenvolvemento do programa será compatible cos usos de ensaios de grupos musicais, posto que os locais e ensaio e cabinas de formación non serán utilizados para a execución do mesmo.

A finalización do programa está prevista para o mes de xuño do presente ano, podéndose prorrogar até o mes de xullo. Unha vez finalizada a parte formativa e a DEMODAY final do proxecto, será necesario realizar o seguimento e a avaliación final de todo o programa, razón pola cal se establece que a duración deste convenio será de un ano, a computar desde o día seguinte á data de formalización do mesmo.

Transcorrido o período inicial de presentación de solicitudes para formar parte do programa e en caso que a demanda das mesmas supere a oferta (21 proxectos), poderán desenvolverse novas accións formativas das mesmas características e relacionadas coa FORMACIÓN EN EMPRENDEMENTO MUSICAL que poderá levar a cabo a EOI-PAIDEIA, razón pola cal o convenio poderá prorrogarse de mutuo acordo entre as partes por períodos anuais para tal fin, sen que a duración total do mesmo poida exceder de catro anos.

Non obstante o anterior, tendo en conta que o inmovible no que se sitúan os espazos e locais está afecto ao servizo público, a autorización de uso estará condicionada sempre ás necesidades de espazo que poida ter o Concello de Vigo. A estes efectos, si o Concello precisase dispor para os seus propios fins dos espazos e locais cuxo uso agora autorízase, comunicarao ao cesionario cunha antelación mínima dun mes, con obxecto de ocasionar o menor prexuízo posible para o seu cambio de localización, comprometéndose o mesmo a deixar libres os espazos e locais ocupados no prazo indicado.

OITAVO: MODIFICACIÓNS OU NOVOS ACORDOS.

O contido do presente convenio non poderá ser modificado, ampliado ou restrinxido salvo por pacto expreso e por escrito das partes intervenientes que deberán incorporarse como unha adenda do mesmo.

NOVENO: RESOLUCIÓN E DESISTENCIA

11.1.-Son causas de resolución do presente Convenio, en función do establecido no art. 51 da Lei 40/2015, de 1 de outubro:

- O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen haberse acordado a prórroga do mesmo.
- O mutuo acordo das partes asinantes, manifestado por escrito.
- O incumprimento dalgunha das partes das súas obrigacións nun período de trinta días a partir da notificación escrita pola outra parte, neste caso pode resolver unilateralmente o presente Convenio.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou na lexislación vixente.

11.2.- No caso de que por forza maior ou por algunha das causas indicadas, devíñese imposibilidade de celebrar o VIGO-DEMODAY nas datas e espazo, ambas as partes comprométense a buscar datas ou espazo alternativo de similares características para o óptimo desenvolvemento do VIGO-DEMODAY. Para iso, priorizarase as necesidades manifestadas pola Fundación Paideia para garantir a finalidade, esencia e repercusión VIGO-DEMODAY do COWORKING.



Concello de Vigo

O cumprimento e a resolución do Convenio dará lugar á liquidación do mesmo co obxecto de determinar as obrigacións e compromisos de cada unha das partes segundo o estipulado no art. 52 da Lei 40/2015. Si cando teña lugar calquera das causas de resolución do Convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta dos responsables de seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal se deberá proceder á liquidación das mesmas.

DÉCIMO: RÉXIME ECONÓMICO DO CONVENIO

As obrigacións derivadas da subscrición do presente convenio non levan achegas económicas de carácter monetario nin xeran compromisos financeiros para o Concello de Vigo, non tendo por tanto impacto económico.

UNDÉCIMO: NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN APLICABLE AO CONVENIO.

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa e, de conformidade co disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, atópase excluído do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo de aplicar os principios desta Lei para resolver dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

O réxime xurídico aplicable ao mesmo é o establecido nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Ademais, é de aplicación a seguinte normativa:

- Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.
- Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

Aplicaranse igualmente os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector Público, para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse, ao amparo do disposto en os artigos 4 e 6.2 de devandita Lei.

Corresponderá a a Xurisdición Contencioso-Administrativa o coñecemento e resolución de cantas controversias pódase suscitar entre as partes en canto a efectos, interpretación, modificación, resolución ou cumprimento do convenio, sen prexuízo das funcións atribuídas a a Comisión de Seguimento.

DUODÉCIMO: EFICACIA

O presente Convenio será eficaz dende a firma do mesmo polas partes.

E en proba de conformidade con canto antecede, as partes subscriben o presente acordo no lugar e data que constan ao comezo deste documento.

Dna Sandra Ortega Mera
Presidenta da
FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA

Dna. María da Carmen Lago Barreiro,
Concelleira-delegada da área de Turismo
e Xuventude do CONCELLO DE VIGO

Por todo o exposto **proponse a Xunta de Goberno Local** a Adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO:” Aprobar do texto do convenio colaboración entre o Concello de Vigo e a FUNDACIÓN PAIDEIA-GALIZA o desenvolvemento na cidade de Vigo do programa “COWORKING EOI-PAIDEIA (“VIGO-GO2WORK FORMACIÓN EN EMPRENDEMENTO MUSICAL”) e do “VIGO-DEMODAY” que se achega ao presente expediente.

SEGUNDO: Aprobar o desenvolvemento do programa COWORKING EOI-PAIDEIA (“VIGO-GO2WORK FORMACIÓN EN EMPRENDEMENTO MUSICAL”) e do “VIGO-DEMODAY” dende o 25 de febreiro de 2022 abarcando un total de 100h de formación dirixidas a 21 proxectos (máximo 3 alumnos/as /proxecto).

TERCEIRO: Ceder temporalmente á A Fundación PAIDEIA GALIZA, para o desenvolvemento da actividade “VIGO-GO2WORK FORMACIÓN EN EMPRENDEMENTO MUSICAL”) e do “VIGO-DEMODAY, parte do edificio de Vigosónico consistente en:

- Estudo de gravación coa correspondente sala de control.
- Espazo de lectura e autoconsulta.
- Sala de Informática: 12 computadores completamente equipados para a procura de información en internet, elaboración de documentos e traballos, edición vídeo, etc.
- Salón de actos multiusos cunha superficie versátil: 117 m2

Así como o mobiliario e equipamento composto por 60 cadeiras, escenario móbil, proxector, pantalla (12 m2), etc., para o desenvolvemento da actividade do “VIGO-GO2WORK FORMACIÓN EN EMPRENDEMENTO MUSICAL” e do “VIGO-DEMODAY .

CUARTO: Facultar á Concelleira Delegada da área de Turismo e Xuventude para asinar o citado convenio”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.



Concello de Vigo

- Proposta de adxudicación da contratación de servizos de dixitalización de fondos patrimoniais do Arquivo municipal de Vigo. Expte. 1055/1102.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

14(73).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE DIXITALIZACIÓN DE FONDOS PATRIMONIAIS DO ARQUIVO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 1055/1102.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 01/02/2022, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 27/01/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de dixitalización de fondos patrimoniais do arquivo municipal de Vigo (1.055-1102)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de dixitalización de fondos patrimoniais do arquivo municipal de Vigo (1.055-1102)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 10 de decembro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado ordinario coa finalidade de realizar a contratación do servizo de dixitalización dos fondos patrimoniais do Arquivo municipal do Concello de Vigo e os documentos asociados ao mesmo:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Técnico Superior de Arquivos con data 10 de agosto de 2021, conformado pola Secretaria de Administración municipal e da Concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal.

- Resolución de inicio do expediente de contratación con data 10 de agosto de 2021 da Concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal.

- Memoria económica asinada polo Técnico Superior de Arquivos con data 23 de agosto de 2021, conformada pola Secretaria de Goberno Local, a Concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal e o Concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda.

- Documento económico sobre a existencia de crédito con data 31 de agosto de 2021 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria

- Prego de prescricións técnicas asinado polo Técnico Superior de Arquivos con data do 28 de outubro de 2021

- Memoria Xustificativa do contrato asinado polo Técnico Superior de Arquivos con data do 28 de outubro de 2021, e conformada pola Concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal.

- Informe da Xefa Servizo de Contratación de data 29 de outubro de 2021, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto simplificado, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 29 de outubro de 2021.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 88.715,85 €, sendo o importe correspondente ao IVE de 15.396,97, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	Total
2021	Servizos de dixitalización arquivo xeral	9203.22799 01	18.329,72 €	3.849,24 €	22.178,96 €
2022	Servizos de dixitalización arquivo xeral	9203.22799 01	54.989,16 €	11.547,73 €	66.536,89 €



Concello de Vigo

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 14 de xaneiro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de dixitalización de fondos patrimoniais do arquivo municipal de Vigo (1.055-1102) na seguinte orde descendente:

	Licitor	Puntuación total
1	XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L.	97 puntos

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L. (B-70.220.124), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- *Documentación acreditativa da representación (cláusula 8.5.2º).*
- *Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.*
- *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC”.*

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L., o día 14 de xaneiro de 2022, que presenta a documentación requirida o 21 de xaneiro, dentro do prazo concedido. Entre a documentación presentada consta aval -non orixinal- constituído o 19 de xaneiro, cuxo depósito se realizou pola empresa ao día seguinte de rematar o prazo, o 26 de xaneiro.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 27 de xaneiro de 2022 admitiu a documentación presentada en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda desta documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales) e considerouna correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adjudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor de data 14 de xaneiro de 2002 e do acordo adoptado pola Mesa de Contratación o mesmo día polo que se acorda outorgar a este licitador a máxima puntuación ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 14 de xaneiro de 2022 polo que se excluíu deste procedemento a DIGIBÍS, S.L.U. por non cumprir a súa proposición avaliada mediante xuízo de valor co disposto no PPT (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2.A do PCAP).*
2. *Adxudicar a XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L. (B-70.220.124) o procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de dixitalización de fondos patrimoniais do arquivo municipal de Vigo (1.055-1102) por un prezo total de 78.957,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.703,30 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista



Concello de Vigo

pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(74).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

MEF.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez